

## INFORME DE AUTOEVALUACIÓN PARA A RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

1.- DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Máster en Tradución Multimedia
MENCIÓNS/ESPECIALIDADES	
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVAMENTE	Universidade de Vigo
EN CASO DE TÍTULOS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	
CENTRO RESPONSABLE	Facultade de Filoloxía e Tradución
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE	Facultade de Filoloxía e Tradución
RAMA DE COÑECEMENTO	Artes e Humanidades
NÚMERO DE CRÉDITOS	60
PROFESIÓN REGULADA	
MODALIDADE DE IMPARTICIÓN	Semipresencial
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2010-11
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	30/06/2010
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	

RESULTADO DO PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN	<input type="checkbox"/> A Supérase excelentemente <input type="checkbox"/> B Acádase <input type="checkbox"/> C Acádase parcialmente <input type="checkbox"/> D Non se acada
--	--

DATA:	22 de novembro de 2015
-------	------------------------

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 1.ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo atópase actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse segundo a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias polos/as estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e atópase actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu eido académico, científico e profesional e, de ser o caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Valoramos o cumprimento deste criterio como “A - supérase excelentemente”, xa que entendemos que o título mantén o interese académico e atópase actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión; e meso excede ós requerimentos básicos esixidos.

O interese académico científico e profesional do título continúa estando xustificado, na liña apuntada no apartado 2.1 (“Xustificación do título proposto, argumentando o interese académico, científico ou profesional do mesmo”) da “Memoria para a solicitude de verificación do título oficial”.

A valoración do director da Área de Apoio á Docencia e Calidade no seu último informe final de revisión interna do seguimento de titulacións (de data 28/07/15) en relación co “Informe de seguimento 2013-14” foi de “conforme-excelente ou conforme-A”. A respecto, hai que aclarar que no informe provisional do mesmo o resultado da avaliación foi (so) de “conforme (ou conforme-B)”. Por iso, o coordinador do máster, en nome da CAM, presentou as oportunas alegacións ao respecto que foron admitidas; polo que finalmente no informe final mudouse a cualificación inicial de “conforme ou conforme-B” a “conforme-excelente ou conforme-A”).

Entendemos que, segundo o criterio da Área de Apoio á Docencia e Calidade, a valoración do título, en xeral, é a de “conforme-excelente ou conforme-A”; que, en termos deste informe de autoavaliación para a renovación da acreditación, vén ser de “A - supérase excelentemente”. Igualmente, os referentes externos sinalados na Memoria continúan avalando a adecuación da titulación a criterios nacionais e internacionais.

As condicións de matriculación, o perfil de ingreso e o programa formativo do título están accesibles na páxina web da Universidade de “Normativa de xestión académica e impresos” ([http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/administracion/alumnado/normativa/](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/normativa/)), e na páxina web do Centro no PC04 do SGIC-FFT (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/422-pc04-seleccion-admision-e-matriculacion-de-estudiantes>).

O título axéitase, no que atinxe a requisitos de acceso e admisión, ó establecido no RD 861/2010 (<http://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2010-10542>), e as vías e requisitos de acceso ao título e tamén o perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil acceso na memoria do título (E1, apartado “4- Acceso e admisión de estudantes”, pp. 17-22).

Existen tamén mecanismos axeitados e accesibles de información previa á matriculación e procedementos de acollida e orientación do estudantado de novo ingreso e tamén para o estudantado de continuidade xa matriculado (DO-0203-P1 de “Orientación ao estudantado”, <http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/420-do-02->

planificacion-e-desenvolvemento-do-ensino?download=751:do-0203-p1-ind04-orientac-ao-estudentad). Durante o curso 2014/15 continuamos a desenvolver o “Plano de promoción e captación de estudantes da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo”, aprobado anualmente pola Comisión de Calidade do Centro en cursos pasados. O plano está dirixido ao alumnado de novo ingreso tanto de graos como de másters (Ver 5.1).

A aprobación do Decreto 222/2011 ([http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111209/AnuncioC3F1-051211-9522\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111209/AnuncioC3F1-051211-9522_gl.html)) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia non afectou ó número de prazas ofertadas no máster (artigo 6 de “Número de estudantes de novo ingreso” do “CAPÍTULO II” de “Criterios generales para la planificación universitaria”). Non tivemos que modificar o número de prazas de novo ingreso ofertadas previstas na memoria (para os catro anos de impalntación) que é de 30 prazas, xa que o decreto especifica que [sic] “a titulación proposta terá un número anual de estudantes de novo ingreso non inferior a 20”. A evolución histórica do número de estudantes de novo ingreso por curso académico foi moi próxima ás 30 prazas de novo ingreso ofertadas nos cinco cursos académicos 2010-2015, acadándose o curso 2013-14 o máximo de 30 alumnos (no curso 2010-11 o número de alumnos foi de 29; de 29 no curso 2011-12; de 28 no curso 2012-13; de 30 no 2013-14; e, finalmente, de 27 no curso 2014-15).

Os indicadores de “relación de oferta e demanda das prazas de novo ingreso” e de “adecuación, ocupación e preferencia da titulación” referidas aos dos últimos cursos académicos 2013-14 e 2014-15 a consideración, mostran que: 1) a relación entre o número de prazas ofertadas (en réxime de matrícula ordinaria) e o número de preinscritos en primeira opción foi do 118,52% (27/32) nos dous cursos académicos referenciados (no caso do primeiro indicador), o cal indica que a demanda sempre foi superior á oferta; 2) o 89,45% de media no caso da adecuación (88,89% no curso 2014-15 e 90,00% no curso 2013-14), o 105,56% de media no caso da ocupación (100,00% no curso 2014-15 e 111,11% no curso 2013-14) e o 118,52% de media no caso da preferencia (o mesmo valor nos dous cursos), referidos ao segundo indicador, reafirman os datos obtidos no primeiro indicador. Isto lévanos a pensar que as estratexias de promoción do máster e de captación de alumnado están a desenvolverse satisfactoriamente.

Non entanto, no curso 2015-16, maila a porcentaxe de número de prazas ofertadas (en réxime de matrícula ordinaria) e número de preinscritos en primeira opción aumentou e foi do 118,52% (27/292); paradóxicamente, o número de alumnos de novo ingreso (que nos cursos 2013-14 e 2014-15 foi de 30 e 27, respectivamente) diminuíu considerablemente ata acadar o número de 22. Os motivos desta diminución son, ao noso entender, diversos, e deberían ser estudados convenientemente para poder acadar unha mellora significativa no número de alumnos de novo ingreso. Así, por exemplo, seguramente un dos principais factores que incidiron nesta variación foi o feito que a CAM decidiu no curso 2015-16 non solicitar o terceiro prazo e último de preinscripción e matrícula, que ten que facerse por solicitude expresa da CAM (cousa que si se fixo nos dous cursos anteriores). O motivo que esgrimiu a CAM ao respecto foi porque considerou que o mínimo de 20 prazas esixido para poder impartir o máster estaba xa acadado e mesmo superado lixeramente; e que o ingreso do alumnado do terceiro prazo (que se matricula normalmente na metade do mes de outubro, cando o máster normalmente inicia a súa docencia na última semana do mes de setembro) “distorsionaba” enormemente a docencia das materias do primeiro cuatrimestra; polo feito de que o novo alumnado se incorporaba á docencia con dúas ou tres semanas, mínimo, de retraso.

A análise comparativa histórica da nota media de acceso do alumnado de novo ingreso rexistra un aumento progresivo e destacable dende que se comezou a impartir o grao: 3,26 no curso 2010-11; 5,96 no curso 2011-12; 6,836 no curso 2012-13; 7,34 no curso 2013-14; e 7,50 no curso 2014-15. Destes, no que respecta á modalidade estudo de acceso no curso 2015-16, maioritariamente proceden do ámbito da tradución en xeral (licenciados ou graduados en tradución e interpretación; graduados en linguas modernas e tradución; graduados en tradución inglés-francés; ou graduados en tradución e mediación interlingüística) nunha porcentaxe que podemos situar ao redor do 52,00%; ou de ámbitos relacionados ca lingua inglesa (licenciados en filoloxía inglesa, licenciados en linguas estranxeiras; graduados en inglés, estudos lingüísticos e literarios, e graduado en estudos ingleses) nunha porcentaxe que podemos situar ao redor do 33,00%. O 15% de alumnado restante repártese entre estudos realizados no estranxeiro cunha porcentaxe que podemos situar ao redor do 10,00%, e licenciados en Comunicación

Audiovisual cunha porcentaxe que podemos situar ao redor do 5,00%.

Dos 29 alumnos preinscritos en primeira opción no curso 2014-15 todos menos un estudante proceden de España; repartidos entre as comunidades de Andalucía (2; 6,90%), Aragón (1; 3,45%), Asturias (1; 3,45%), Canarias (3; 10,34%), Castela-A Mancha (2; 6,90%), Castela e León (1; 10,34%), Comunidade Valenciana (3; 10,34%), Galicia (13; 44,82%) e Madrid (2; 6,90%). E, no caso da comunidade que aporta maior número de alumnos, Galicia, o reparto por provincias é de: A Coruña (5; 17,24%), Lugo (1; 3,45%), Ourense (1; 3,45%) e Pontevedra (6; 20,69%). Entendemos que a semipresencialidade da titulación facilita esta heteroneixidade no reparto de procedencia do alumnado entre comunidades e provincias.

O cadro histórico de matriculación na titulación rexistra 230 estudantes dende a implantación da titulación no curso académico 2010-11 ata o último curso académico 2015-16 do que temos datos (33 no curso 2010-11, 40 no curso 2011-12, 37 no curso 2012-13, 47 no curso 2013-14, 42 no curso 2014-15, e 31 no curso 2015-16). Se temos en conta o alumnado de novo ingreso en cada curso académico (29 no curso 2010-11, 29 no curso 2011-12, 28 no curso 2012-13, 30 no curso 2013-14, 27 no curso 2014-15, e 22 no curso 2015-16), as diferenzas existentes entre estudantes matriculados e estudantes de novo ingreso (4 no curso 2010-11, 11 no curso 2011-12, 9 no curso 2012-13, 17 no curso 2013-14, 15 no curso 2014-15, e 9 no curso 2015-16) indican que o alumnado con materias pendentes que non remata a titulación no ano planificado na titulación incrementouse progresivamente dende o primeiro curso ata acadar o máximo no curso 2013-14 con 17 alumnos (isto, obviamente, tamén se ve reflectido na taxa de graduación do curso 2013-14 que é do 53,57%). Despois de iso, e unha vez detectadas e analizadas as causas deste incremento de "materias pendentes", a coordinación e a Comisión Académica da titulación (CAM) tomou as oportunas medidas para solucionar este problema. A partir do curso 2014-15 o número de alumnado con materias pendentes diminuíu considerablemente (cunha significativa taxa de graduación no curso 2014-15 do 83,33%), ata chegar a 9 no curso 2015/16. Consideramos que nestes momentos a situación está xa estabilizada.

A análise das diferentes taxas relacionadas coa titulación (taxa de graduación, abandono, eficiencia, rendemento, éxito, avaliación, etc.) que aparecen noutros apartados deste informe de autoevaluación axudan a entender que esta titulación (como supoño pasará coa maioría de titulacións universitarias) está sometida a diferentes vaivéns en determinados apartados da mesma. Pero que, núltimo termo, isto non é óbice para que o título manteña o interese académico e se atope actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

### **PLANO DE PROMOCIÓN E CAPTACIÓN DA FFT**

Durante os cursos 2014-15 e 2013-14 continuouse a desenvolver o "Plano de promoción e captación de estudantes da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo" (IT03-PC03), aprobado pola Comisión de Calidade do Centro en xuño de 2012. O plano está dirixido ao alumnado de novo ingreso tanto de graos como tamén de másters. No informe de verificación do seguimento para o curso 2013-14 quedou constancia do seu progreso satisfactorio e consideramos que foi igualmente satisfactorio durante o curso 2014-15. Está accesible en [http://webs.uvigo.es/sdffft/index.php?option=com\\_rokdownloads&view=file&task=download&id=2480:plano-de-promocion](http://webs.uvigo.es/sdffft/index.php?option=com_rokdownloads&view=file&task=download&id=2480:plano-de-promocion). Os objectivos e actuacións principais do plano de promoción e captación da FFT no que atinxe aos másters son os seguintes:

1. Dar a coñecer as titulacións de Máster que se imparten no centro. Actuacións: (a) Sesión de presentación dos másters que se imparten no centro, realizada polos propios coordinadores dos Máster; (b) elaboración de dípticos, carteis e rollers publicitarios dos másters da Facultade; (c) Organización de conferencias e seminarios especializados.
2. Dar a coñecer as titulacións que se imparten no centro, tanto de grao coma de posgrao en Universidades estranxeiras. Actuación: participar en Feiras de Estudantes.
3. Publicidade. Actuación: envío de noticias ós medios de comunicación.

### **1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria**

**verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, de ser o caso, nas sucesivas modificacións.
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é axeitado ás actividades formativas.
- De ser o caso, o curso de adaptación cumpre a súa función tocante á adquisición de competencias e coñecementos, polos/as estudantes que o cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado nos programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O plan de estudos do “Máster en Traducción Multimedia” foi deseñado para ser realizado nun único curso, no que a secuenciación dos cursos realizárase por meses. Todas as materias ofertadas son de créditos. Non se establece un número mínimo de ECTS de matrícula por curso, aínda que a permanencia do alumnado no máster está condicionada polas normas de xestión académica e de permanencia na Universidade de Vigo. A implantación do título realizouse sen incidencias no curso 2010-11.

A definición de módulos e materias do plano formativo deste título segue sendo coherente co establecido no RD 861/2010. O carácter e denominación das materias están publicados na memoria do título. Non se considerou necesario variar a estrutura dos módulos e materias por seren coherentes cos obxectivos e competencias.

A planificación temporal das ensinanzas está publicada na memoria do título.

Consideramos que o grao de cumprimento da planificación do ensino é moi satisfactorio en termos xerais, unha vez rematados os cinco primeiros anos previos á (solicitud de) renovación da acreditación. Isto non implica que non haxa algúns aspectos susceptibles de mellora nos que é preciso continuarmos traballando.

O tipo de ensino é semipresencial. A docencia organízase da forma que segue: para cada materia celébrase unha primeira sesión presencial (que tamén se grava en vídeo para aqueles alumnos que non poidan asistir) na que o profesor explica os principais obxectivos da materia en cuestión, os seus contidos, bibliografía, a forma na que se desenvolverá a materia e o seu procedemento de avaliación.

Tras esta primeira toma de contacto, o alumno accede, a través da plataforma de teledocencia FaiTIC, aos contidos da materia. Estes constan de unidades, nas que se explican os contidos teóricos, e actividades, mediante as cales os alumnos poñen en práctica os coñecementos asimilados. As actividades fanse de forma individual ou colectiva, e a súa corrección tamén se leva a cabo de forma individual ou colectiva. Así mesmo, para cada unidade o profesor abre un foro no que se da resposta a calquera dúbida que teñan os alumnos.

Tamén se organiza unha xornada presencial por cuadrimestre, ao longo de todo o máster, para seguimento colectivo dos estudantes, resolución de dúbidas e encontro cos diferentes profesores. Esta xornada faise coincidir con presentacións, conferencias e seminarios relacionados coa temática do curso.

O mecanismo polo que se asegura o adecuado seguimento dos ensinamentos por parte dos alumnos son as tutorías periódicas individuais e en grupos reducidos a través de foros escritos e por audio/vídeo, que permiten, entre outras cousas, controlar a identidade dos estudantes e asegurar a súa autoría nas actividades formativas, ademais de realizar o seguimento dos coñecementos adquiridos. A plataforma de teleformación Tem@ da universidade de Vigo, ademais de utilizar un sistema de acceso mediante clave personalizada para cada profesor e cada estudante, dispoñe deste sistema de audio/vídeo, que é facilitado aos estudantes do máster.

A presencialidade do grao, por tanto, non é excesiva: 1 xornada de presentación por cuatrimestre dos módulos e das materias destes módulos, 4h de docencia por materia, e 6h de tutoría presenciais; concentradas todas as horas presenciais nunha mesma semana por cuatrimestre. Aínda así, malla que na descripción do título que aparece na memoria se detalla moi claramente que o tipo ensinanza do máster é a semipresencial, a realidade do alumnado en determinados cursos académicos mostran que a "heteroxeneidade xeográfica" do alumnado (ver o capítulo de "procedencia" do apartado anterior 1.1) obriga as veces a converter a semipresencialidade en "virtualidade de facto". Obviamente non podemos (e tampouco queremos) renunciar á presencialidade porque consideramos que o contacto co profesorado é un aspecto irrenunciábel no noso máster; pero, por outra parte, parece moi difícil ter que esixirlle a un alumno que vive, por exemplo, nas illas Canarias ou que está traballando puntualmente no estranxeiro que se desplace a Vigo nunhas datas concretas (como por exemplo pode pasar no caso das prácticas ou da presentación e defensa dos TFM). Nestes casos moi concretos nos que é difícil esixir a presencialidade, no máster buscamos accións innovadoras a través de solucións novas e creativas para que o alumnado, por exemplo, poida levar a cabo as súas prácticas "de maneira virtual" (tele-traballando dende a súa casa para as empresas, algo por outra parte moi común no ámbito da tradución no caso dos "tradutores freelance"); ou ben poida presentar ou defender o seu TFM por videoconferencia.

Ao respecto do establecemento de posibles convenios con outras universidades e/ou programas de máster, aínda que este asunto foi motivo de discusión diversas veces no seno da CAM, consideramos finalmente que dada a alta demanda de prazas de "contexto propio" (por empregar unha terminoloxía propia que poida ser entendida por todos) no máster non podíamos "comprometernos" con outras universidades ou programas de máster a "reservarles" prazas do noso máster tendo en conta que non tiñamos xa de abondo para as nosas propias necesidades. É certo que os convenios non só se rexen por estes parámetros de "intercambio" de alumnos e que teñen outros aspectos que poden resultar moi interesantes para o noso máster; pero, en case todos os casos que tomamos en consideración, o "intercambio de alumnado" era unha condición "sine qua non"; unha acción, condición ou ingrediente necesario e esencial (de carácter máis bien obrigatorio) para que o convenio sexa posíbel e funcione correctamente.

Neste máster non se rexistrou ningún estudante con necesidades educativas especiais.

Despois de que con anterioridade ao curso 2014-15 se acreditasen 25 títulos de grao e máster na UVIGO, fíxose necesario abordar a acreditación do resto impartidos na nosa Universidade, durante os anos 2016 e 2017, cunhas guías docentes que reflectisen exactamente as competencias da titulación asignadas ás materias nas memorias verificadas. A aplicación (informática) de guías docentes DOCNET tiña ata este ano unha estrutura que só recollía as competencias específicas (A) e as transversais (B). A partir dese momento, DOCNET pasou a recoller os catro tipos de competencias que determina o Ministerio: básicas, xerais, específicas e transversais. É por illo que a elaboración das guías docentes durante o curso 2014-15 para o curso 2015-16 foi relativamente problemática debido aos cambios na estrutura da aplicación informática e a (re)asignación de competencias. Isto xerou algún descontento entre o profesorado do máster pero nunca comparable co descontento existente noutras titulacións, tal e como se documentou na acta da Xunta de Centro na que se aprobaron as guías (02/07/2015). No caso das guías desta titulación, o número limitado de materias (11 en total) facilitou moito o proceso de (re)asignación de competencias. No transvasamento dun modelo a outro, fíxose o seguinte:

- a) As competencias específicas do vello DOCNET pasaron ás específicas do novo.
- b) As competencias transversais pasaron ás transversais.
- c) As competencias básicas cargáronse automaticamente, xa que son idénticas para todos os títulos. Os títulos que non as tiñan na memoria (os non modificados do ano 2009 e anteriores) tiñan que eliminalas.
- d) As competencias xerais tiñan que ser introducidas, sempre que aparecesen na memoria.

No caso do máster, nunha primeira fase o coordinador da titulación haabilitou os catro tipos de competencias segundo o modelo de transvasamento anterior suxerido: 1) no caso das competencias xerais e específicas, que nas guías da titulación estaban xuntas, houbo que separalas (a numeración das competencias coincidente coa

numeración que aparece na memoria da titulación facilitou a identificación das mesmas e a súa separación en dous tipos) o cal non resultou moi complicado; ii) no caso das competencias básicas, aínda que na memoria da titulación non constan as mesmas e no modelo de transvasamento suxeríase eliminalas, previa consulta coa vicedecana de calidade do Centro, deixáronse tal cual (por ser estas, as competencias básicas, competencias que están definidas no real decreto para todas as titulacións do máster); 3) no caso das competencias transversais non tiveron que ser introducidas por non constar na memoria da titulación ningunha competencia deste tipo. E, nunha segunda fase, o profesorado do máster revisou todas as competencias das súas respectivas materias para adaptalas ás competencias que inicialmente aparecían nas respectivas materias na memoria de tradución. Non se considerou oportuno facer modificación algunha nas competencias inicialmente asignadas na memoria de tradución. Polo tanto, nestes momentos, as competencias asignadas a cada unha das diferentes materias do máster coinciden exactamente coas competencias asignadas na memoria de verificación: 5 competencias básicas (CB), 17 competencias xerais (CG), 56 competencias específicas (CE) e 0 competencias transversais (CT).

En xeral, principalmente por ser este máster “sen repercusión no POD”, non se deron nesta titulación problemas derivados do pouco recoñecemento en POD da carga docente en determinadas materias; ou problemas derivados pola intensificación docente nos graos derivada da aplicación do “Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo” (tamén coñecido como “Decreto Wert”, que continúa xerando unha sobrecarga de traballo importante en parte do profesorado, que debe impartir un gran número de materias, cunha metodoloxía moi esixente en tempo e dedicación). Aínda así, existen algúns aspectos da titulación que merecen ser comentados; son os seguintes:

#### **REQUISITOS “A MAIORES” DA TITULACIÓN: COÑECEMENTO DE LINGUAS E CARTA DE MOTIVACIÓN**

Na “Folla de matrícula da titulación”, para a preinscripción/matriculación do alumnado de novo ingreso, a CAM esixe ao alumnado unha documentación que é comun á maioría de másteres da UVIGO: 1) certificación da xustificación da exención de taxas, si é o caso; 2) fotocopia do DNI ou do pasaporte; 3) Folla de preinscripción (pódese obter en <https://matricula.uvigo.es>); 4) certificación académica oficial (so si non é/foi alumno da UVIGO); 5) a fotocopia do título universitario (so si non é/foi alumno da UVIGO). É, “a maiores”, tamén ten que entregar: 6) unha carta de solicitude cá mención expresa da motivación da mesma, que pode confeccionar o propio estudante e enviala por correo-e xunto cá demais documentación; ou ben a pode confeccionar e enviar de maneira automática a través do “formulario/carta de solicitude de información/admisión” que está dispoñible no apartado de “Admisión/Bolsas” do espazo web do máster; 7) o seu curriculum vitae, con indicación expresa relativa ós coñecementos de idiomas e experiencia profesional en tradución multimedia; 8) a acreditación da competencia lingüística, si é o caso das linguas español, galego ou portugués (C1 - lingua materna) e da lingua inglesa (B2).

No caso dos requisitos de coñecemento de idiomas, este requisito débese ao feito que o idioma de impartición das ensinanzas no máster e, maioritariamente, a lingua española; e, por outra parte, todo o profesorado propio da UVIGO, ademais de ser competente na lingua española, o é tamén na lingua galega e/ou na lingua portuguesa (o alumnado pódese comunicar co profesorado cunha destas tres linguas; aínda que pideselle ao principio do curso que nos foros en particular e no intercambio de información co resto de alumnado na plataforma de teledocencia FaiTIC ou nas clases presenciais se exprese en español. Por outra parte, para poder acceder á documentación de consulta do curso, resolver encomendas de tradución e realizar os exercizos prácticos de todas as materias do máster, o segundo requisito relacionados cos coñecementos lingüísticos esixidos no proceso de selección é o dominio da lingua inglesa (xa que os exercizos prácticos propostos son todos, maioritariamente, da combinación lingüística español-inglés). Temos constancia que una pequena parte do alumnado “interesado” neste máster decide matricularse noutros másteres debido a esta esixencia no coñecemento da lingua inglesa. Non entanto, nos seguimos considerado que este debe seguir sendo unha condición “sine qua non” para poder acceder a esta titulación.

#### **MATERIA DE “TRABALLO DE FIN DE MÁSTER (TFM)”**

O principal obxectivo do “Traballo de fin de máster (TFM)” é que o alumnado aplique os coñecementos e competencias adquiridos ao longo da súa formación no ámbito da tradución multimedia, co fin de completar a súa formación académica de acordo cos seus intereses persoais. A materia do TFM ten unha vinculación directa con

todas as outras materias que compoñen o máster e busca a aplicación das competencias adquiridas ao longo do máster a un traballo complexo

A materia de TFM precisa de reflexión en moitos aspectos. Malia os bos resultados de avaliación e rendemento, esta materia continúa xerando algún descontento tanto no sector profesorado coma no sector alumnado, descontento derivado da súa xestión no marco da normativa vixente da Universidade; común á maioría de titulacións da Universidade de Vigo. Dado que o máster é "sen repercusión no POD", este descontento non se manifesta de forma tan patente coma noutras titulacións "con repercusión no POD".

Nesta titulación sempre se tiveron en contas estas dúas cuestións no momento da retribución económica das mesmas: 1) por unha parte asignouse unha porcentaxe fixa (que, por certo, dada a importancia, traballo e esforzos requiridos para levarlos a bo termo, non mudou dende a primeira edición do máster; maila que sí o fixo a cantidade asignada ás outras materias do máster, que veron diminuídas considerablemente a cantidade asignada para a súa retribución) do total asignado á materia aos coordinadores da materia (en función das horas consignadas no POD); 2) e, por outra parte, dividiuse a cantidade restante entre todos os TFM titorizados e asignouse a cada titor as cantidades pertinentes en función dos traballos que titorizaba.

O principal problema relacionado coa materia de TFM, polo tanto, non está relacionado co recoñecemento e/ou retribución dos TFM. Está relacionado, de maneira xeral, co calendario do módulo práctico (TFM e Prácticas) que non proporciona tempo de abondo para a realización dos traballos. De feito, este é o principal condicionante que "tradicionalmente" distorsiona o bo funcionamento desta titulación (maila constatar que este feito non é so endémico do noso máster, senón tamén doutros másteres e mesmo doutras titulacións da UVIGO). Para mellorar os resultados da materia de TFM, a Comisión Académica adiantou diversas veces a data de asignación dos traballos e estableceu datas de entrega parciais para contribuír á planificación do traballo; tamén se fixeron sesións presenciais de orientación aos estudantes para axilizar as fases iniciais do traballo. Sen embargo, a Coordinación e a Comisión Académica do máster consideramos que non somos quen para dar unha resposta satisfactoria ao "problema endémico do módulo práctico" en relación co calendario académico do máster; por ser este un problema que entendemos é de ámbito global, que debería ser abordado polas persoas responsábeis dos estudos de grao e posgrao.

Non disponemos aínda da puntuación recibida por esta materia nas enquisas de avaliación docente para o curso 2014-15. Con todo, a puntuación recibida no curso 2013-14 foi moi positiva, cun 83% (4,15/5,00). Dado que o curso 2013-14 foi o primeiro curso do que dispoñemos desta información e non temos os resultados do curso 2014-15, non podemos establecer se as medidas adoptadas para este curso contribuíron a acadar este excelente resultado.

Por último, reseñar que no módulo práctico, en xeral, e os TFM en particular, procuramos que os mesmos se adecúen á realidade (profesional, académica, social, etc.) do momento. Así, por exemplo, no caso dos TFM, ademais de ter obviamente en consideración aspectos profesionais relacionados cos diferentes ámbitos da Tradución Multimedia, tamén se teñan en conta outros ámbitos de estudo e/ou análise mais innovadores (relacionados coas novas tecnoloxías, como poda ser o caso da realidade aumentada no ámbito da tradución multimedia); que sexan sustentables social e economicamente (como poda ser o caso da accesibilidade en xeral ou específica en determinados ámbitos como poidan ser a TV, o teatro, o cinema, a ópera, etc. para persoas con discapacidades auditivas e/ou visuais); o desenvolvemento de modelos exportábeis ao ámbito da propia tradución multimedia e/ou a outros ámbitos de coñecemento/profesionais (e o caso, por exemplo, de actividades como o *fandub*, o *fansub* o *fangame*, etc.; actividades realizada por tradutores afeccionados pero que na realidade influencian notablemente ao ámbito profesional do sector relacionado).

Pódese consultar na web do máster [http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/listado\\_tfm\\_2010-2015\\_v01m079.pdf](http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/listado_tfm_2010-2015_v01m079.pdf) a listaxe de todos os "traballos de fin de máster" presentados desde o primeiro curso académico 2010-11 ata a actualidade; en orde cronolóxica desde o último curso académico ata o primeiro, detallando os "apelidos e nomes" da persoa que fixo o traballo, o "título do traballo", e o "director do traballo".

Esta listaxe fíxose por recomendación do director da Área de Apoio á Docencia e Calidade no seu informe final de



revisión interna do seguimento de titulacións de data 28/07/15 en relación co "Informe de seguimento 2013-14"; como proposta de mellora.

### **MATERIA "PRÁCTICAS EN EMPRESA OU EXTERNAS (PE)"**

A realización das "Prácticas en empresa (PE)" ten como obxectivo complementar a formación recibida mediante aplicación dos coñecementos adquiridos no desenvolvemento profesional. A xestión inicial das prácticas faise desde o propio máster; o contacto directo entre empresa e alumno soamente comeza unha vez finalizado o proceso de asignación e selección de candidatos. Toda a información sobre empresas e institucións que colaboran coas prácticas publícase nun documento no sitio web da materia na plataforma de teledocencia FaiTIC; en caso de haber algunha actualización de última hora nalgunha práctica procédese a "colgar" un novo documento e infórmase oportunamente ao alumnado. É importante que os estudantes teñan en conta que as empresas de tradución e institucións (ciclos de cinema...) funcionan con fluxos de traballo variables e que a organización dos recursos humanos (incluídos alumnos en prácticas) realízase en función deses fluxos; así que se aconsella ter paciencia e esperar a que se vaia desenvolvendo todo o proceso. Desde a organización do máster garantimos a existencia de suficientes prazas de prácticas, pero non podemos garantir que se cumpran ao cento por cento as previsións de todas as fichas (así, por exemplo, unha empresa pode ofrecer 2 prazas de prácticas entre febreiro e maio e logo non ter traballo ata xuño, ou telo só para un estudante en prácticas). A gran maioría de prácticas non son remuneradas; algunha pode fixar unha pequena remuneración ou gratificación, que se indica oportunamente na ficha que envían para cada edición do máster.

Para a organización das prácticas externas, a Comisión Académica do Máster conta co apoio da Asociación de Empresas de Tradución (ACT). A ACT é a agrupación de empresas de ámbito estatal de tradución constituídas legalmente como órgano de promoción, representación, coordinación, servizo e defensa das empresas, axencias e centros que se dediquen á prestación de servizos de tradución e/ou interpretación como actividade principal e que, previa solicitude, sexan regulamentariamente admitidos por ela.

A materia PE tamén precisa de reflexión en moitos aspectos. Igual que no caso dos TFM, o principal problema relacionado coa materia das PE, non está relacionado co recoñecemento ou retribución das PE. De feito, si ben a CAM decidiu nun principio (ver acta do 14/03/2014) rebaxar a asignación por materia no curso 2014-15 en todas as materias (excepto na anteriormente reseñada de TFM) e seguir pagando ao coordinador das PE por horas de coordinación (a tenor das horas consignadas no POD); mais tarde, despois de valorar a importancia e o inmenso traballo de coordinación que as PE requirían, a CAM decidiu (ver a acta da CAM do 25/02/2015) aumentar a cantidade total asignada ao pagamento das PE para poder complementar, dun xeito xusto, á retribución do coordinador das PE (mais alá das horas consignadas no POD); ata atinxir o 50% do importe total asignado á materia (repartindo o 50% restante entre o número de titores asumindo un reparto proporcional entre todos eles).

As prácticas profesionais seguen desenvolvéndose tal e como estaban definidas na memoria da titulación e réxense pola normativa de prácticas da Universidade de Vigo. Con todo, igual que no caso dos TFM, as dificultades de planificación temporal da materia poderían resolverse cun cambio no calendario dos estudos de máster da Uvigo que lles permitise ós estudantes dispoñer dun período de realización máis longo despois de teren cursado todas as materias e adquirido as competencias necesarias para desenvolver as prácticas. A Universidade debería tomar medidas nun problema que afecta de maneira xeral aos másters e que, en parte, vén determinado por un calendario de curso que dá as costas ás necesidades destes estudos, máis que por un problema de oferta ou de incompatibilidade de horarios. O problema principal observado no desenvolvemento das prácticas está relacionado coa falta de adecuación do calendario académico dos másters fixado pola universidade.

Igual que nos TFM, no curso 2012-2013 optouse xa por adiantar outro mes a data de adxudicación de prácticas co fin de tentar adiantar o comezo do período de prácticas para facilitar a consecución das competencias da materia dentro do curso; e, para os cursos 2013-14 e 2014-15, fíxose o mesmo. Tamén procuramos que as PE se adecúen á realidade (profesional, académica, social, etc.) do momento. Intentamos que o tipo de empresas onde o alumnado poida levar a cabo a súa labor sexan en todo momento as que máis se correspondan coa "tipoloxía" mais demandada no ámbito profesional, como pode ser nestes momentos a tradución de videoxogos.

Pódese consultar unha listaxe exhaustiva de empresas, institucións e tradutores autónomos colaboradores co máster, coas súas correspondentes ligazóns ás súas URL, dende o primeiro curso académico 2010-11 ata a actualidade: 1) a través dun documento único <http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/mtm-empresas-e-instituciones-colaboradoras.pdf>; 2) ou ben de maneira individual a través dos seus respectivos logos que aparecen na web <http://multitrad.webs.uvigo.es/node/2> (para illo hai que pulsar no logo correspondente).

Esta listaxe fíxose por recomendación do director da Área de Apoio á Docencia e Calidade no seu informe final de revisión interna do seguimento de titulacións de data 28/07/15 en relación co "Informe de seguimento 2013-14"; como proposta de mellora.

### **MOBILIDADE DO ALUMNADO**

Como xa se indicou no apartado anterior ao respecto do establecemento de posibles convenios con outras universidades e/ou programas de máster, consideramos que dada a alta demanda de prazas de "contexto propio" no máster non podíamos "comprometernos" con outras universidades ou programas de máster a "reservarllas" prazas do noso máster tendo en conta que non tiñamos xa de abondo para as nosas propias necesidades.

Así, por exemplo, no curso 2014-15 houbo so 1 estudiante saínte (de 42 matriculados; un 2,38%) e non houbo estudantes entrantes. Non dispoñemos de datos da distribución por máster deste ítem e non dispoñemos de datos históricos para poder analizar a súa evolución con cursos anteriores. Non se pode valorar tampouco a opinión do alumnado do curso académico 2014-15 sobre o ítem mobilidade porque o novo deseño da enquisa de satisfacción do curso 2014-15 non inclúe o indicador 73 "Satisfacción cos programas de mobilidade"; sendo a satisfacción cos programas de mobilidade segundo as enquisas de satisfacción ao alumnado do 63,86% (4,47/7,00) no curso 2013-14 e do 57,14% (4,00/7,00) no curso 2012-13. Aínda así, entendemos que a baixa porcentaxe de mobilidade na titulación non permite extrapolar información algunha ao respecto.

A explicación ao respecto é que as axudas de mobilidade para o estudiantado seguen sen axustarse ás características deste máster. Non se pide mobilidade entre universidades senón entre universidades e empresas para realizaren as prácticas obrigatorias.

### **ENQUISAS**

A continuación ofrécese un resumo dos principais indicadores das **enquisas de satisfacción do estudiantado** no curso 2014-15, con referencia á súa evolución histórica, se for posible. En ocasións os indicadores están presentados en porcentaxes debido ao cambio recente na escala de valoración: no curso 2014-15 a escala foi sobre 5,00; nos cursos anteriores foi sobre 7,00.

- O grao de satisfacción do estudiantado cos obxectivos e competencias foi do 72,50% (3,63/5,00) no curso 2014-15 e do 66,43% (4,65/7,00) no curso 2013-14. Non hai cadro histórico para poder avaliar a evolución, pero o valor superior ó 70% entendemos é moi positivo (e, obviamente, tamén mellorable).
- O grao de satisfacción en relación coa satisfacción coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas foi do 66,60% (3,33/5,00) no curso 2014-15. Se temos en conta que este baremo relaciónase co antigo indicador 74, observamos que xa no curso 2013-14 o máster acadou un 60,71% neste indicador (4,25/7,00 puntos), mais que a media do 56,57% (3,96/7,00) dos tres anos anteriores; e máis tamén do 59,57% (4,17/7,00) de media das titulacións da UVIGO.

A enquisa de avaliación docente da titulación amosa dous ítems relacionados nos que a satisfacción é altamente positiva. Por unha banda, a valoración global da planificación das materias no curso 2014-15 (ítem 3), acada unha porcentaxe moi saudable do 83,8% (4,19/5,00); que contrasta cá media da Universidade do 72% (3,60/5,00). Por outra banda, a valoración global do desenvolvemento no curso 2014-15 rexistra unha porcentaxe do 86,60% (4,33/5,00), moito máis elevada cá media da Universidade do 74,20% (3,71/5,00). Debemos mencionar que os datos recollidos nas enquisas de satisfacción en relación a este ítem de planificación e desenvolvemento amosan unha porcentaxe inferior ás rexistradas na enquisa docente do 66,60% (3,33/5,00) no curso 2014-15. Con todo, consideramos que a enquisa de

avaliación docente ofrece datos máis sólidos a este respecto por ofertar o desglose planificación e/ou desenvolvemento e por centrarse nas materias de xeito máis específico.

- As enquisas de avaliación docente tamén recollen datos positivos no tocante á valoración global das materias da titulación no curso 2014-15: 88,40% (4,42/5,00); superior á media da Universidade do 78,60% (3,93/5,00).
- En calquera caso, o mais sintomático das enquisas de satisfacción do estudiantado no curso 2014-15 é que: 1) todos os ítems avaliados relacionados co máster, sen excepción algunha, son superiores á media de todas as titulacións do centro (FFT); 2) en 4 dos 7 ítems referenciados (grao de satisfacción coa orientación ao alumnado, grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas, grao de satisfacción coa xestión da calidade, e grao de satisfacción xeral) o grao de satisfacción do estudiantado do máster acada o valor mais alto das 7 titulacións do centro (FFT); en 2 dos 7 ítems (satisfacción cos obxectivos e competencias, e satisfacción cos resultados) acada o terceiro valor mais alto; e, en 1 dos 7 ítems (satisfacción cos recursos materiais e servizos) acada o cuarto valor mais alto.

No que atinxe ás enquisas **de satisfacción do profesorado** no curso 2014-15, cabe destacar as seguintes observacións:

- O grao de satisfacción do sector PDI cos obxectivos e competencias foi do 98,40% (4,92/5,00) no curso 2014-15. Por mor da modificación no deseño na enquisa elaborada no curso 2014-15 non temos datos históricos para comparar este ítem; se ben os resultados parecen moi positivos, superando o 98,00%.
- O grao de satisfacción do sector PDI coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas foi do 100,00% (5,00/5,00) no curso 2014-15. A diferenza doutras titulacións onde produciuse un marcado descenso en relación a cursos anterior que moitos interpretan como froito do descontento cá implantación do “Decreto Wert” e a consecuente deriva nunha carga docente excesiva (se o profesorado está sobrecargado de docencia e de xestión, isto repercute naturalmente no desenvolvemento do ensino); o carácter retributivo (sen repercusión no POD) deste máster seguramente “axudou” a sobrelevar esta pesada carga.
- Como no caso anterior cás enquisas de satisfacción do estudiantado, o mais sintomático das enquisas de satisfacción do profesorado no curso 2014-15 é que: 1) todos os ítems avaliados relacionados co máster, sen excepción, son superiores á media de todas as titulacións do centro (FFT); 2) en 6 dos 7 ítems referenciados (exceptuando o grao de satisfacción cos resultados) o grao de satisfacción do profesorado do máster acada o valor mais alto das 7 titulacións do Centro (FFT), e so en 1 dos 7 ítems (o grao de satisfacción cos resultados) acada o segundo valor mais alto (pero so a 0,06 puntos do valor mais alto). É sintomático tamen que no grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas acádase o valor máximo do 100,00% (5,0/5,0), cousa que non pasa con ningunha das outras 6 titulacións do centro (FFT); en ningún dos ítems sometidos a consideración.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias polos/as estudantes e, de ser o caso, establécense as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias-do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso no que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso no que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten ás/aos estudantes acadar as competencias asociadas as devanditas prácticas.

- No caso no que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os/as estudantes poidan acadar as mesmas competencias, con independencia da a modalidade cursada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na memoria de verificación existe información sobre os mecanismos de coordinación.

O máster conta cun coordinado xeral do máster. Conta tamén con coordinadores de módulo para os módulos específicos. E, ademais, cada materia ten un coordinador ou persoa rersonsable que se encarga de unificar a actuación dos diferentes docentes da mesma. Desta forma, búscase asegurar a adecuada coordinación docente no proceso de programación da avaliación continua das materias ao longo de todo o curso académico e entre módulos.

Esas reunións de curso ou módulo arrancan cunha inicial, previa ao comezo de curso, na que o coordinador expón un calendario de actividades cuxo fin último é que non se produzan solapamentos entre as distintas actividades que se propoñen nas distintas guías docentes e fichas de materias. Adicionalmente, esas reunións iniciais serven tamén para corrixir a tendencia a incluír un excesivo número de actividades. Búscase, por tanto, que a avaliación continua materialícese nunha distribución equilibrada de tarefas ao longo de todo o curso académico, apoiada nunha programación racional das materias. Para logralo, dispóñense con certa periodicidade reunións de seguimento e o coordinador do curso ou módulo emite informes de seguimento, destinados a manter informados os profesores e ao Decanato sobre incidencias e eventos relevantes. Ao finalizar o curso ou o módulo, celebrárase unha última reunión destinada a facer balance e destacar posibles problemáticas a resolver para o seguinte curso ou módulo.

Ademais, existen as figuras do coordinador de prácticas externas e do coordinador do traballo de fin de máster, que se encargarán de coordinar aos distintos titores.

Superposta á coordinación por cursos ou por módulos, pónense tamén en práctica reunións, convocadas polo coordinador do máster, entre os coordinadores de módulos, de curso, de prácticas, e de TFM, para facilitar a coordinación vertical entre cursos e módulos e o intercambio de experiencias. Con iso perséguese analizar as distintas propostas de mellora, establecer criterios básicos de avaliación e organizar actividades conxuntas que afecten a máis dunha materia, por citar algúns obxectivos concretos.

En definitiva, o sistema de coordinación (vertical e horizontal) proposto constitúe un elemento fundamental na introdución dos novos obxectivos e metodoloxías; e, sobre todo, serve para profundar nunha mellor e maior coordinación entre docentes e entre estes e o Centro. Nun futuro, dado que a coordinación do conxunto de actividades resulta clave para o adecuado aproveitamento do alumnado, preténdese continuar este deseño, adecuándoo ás novas esixencias e tratando de garantir niveis satisfactorios de coordinación vertical e horizontal.

De acordo co criterio interno do máster de mudar a coordinación e o secretariado da CAM cada dous cursos académicos (o secretario deixa o seu cargo e o coordinador pasa a ser o secretario da CAM), houbo dende a implantación do máster no curso 2010-11 tres cambios de coordinador de máster: Marta García González (coordinadora do bienio 2010-12), María Teresa Veiga Díaz (coordinadora do bienio 2012-2014), e Joan Miquel-Vergés (coordinador do bienio 2014-16). Todos os cambios na coordinación foron (e son) refrendado pola Xunta de Centro da Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT).

No caso dos coordinadores de módulo e de materia so houbo un cambio na coordinación no módulo teórico-metodolóxico. Dado que o coordinador do módulo teórico-metodolóxico era o único coordinador de módulo que non formaba parte da CAM (o cal obrigaba ao coordinador xeral do máster a informar con posterioridade ás reunións da CAM ao devandito coordinador "ex profeso"), a CAM decidiu cambiar o coordinador do módulo teórico-metodolóxico por outra persoa que sí formase parte da CAM. Desta maneira conseguíuse axilizar a transferencia de información entre a CAM e o coordinador do devandito módulo teórico-metodolóxico.

Segundo consta na memoria da titulación o máster dispón dun Plan de Acción Tutorial (PAT) que ten como obxectivos principais: 1 ) informar e orientar ao novo alumnado sobre a estruturación e o funcionamento da Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT), do Campus de Vigo e da Universidade de Vigo (UVIGO), para lograr, así,

unha maior integración no contexto universitario; 2) contribuir á integración do alumno no Campus Universitario e na cidade de Vigo; 3) informar o estudante sobre cuestións académicas e/ou profesionais; 4) fomentar a participación do alumnado nos distintos ámbitos da vida universitaria; 5) analizar o desenvolvemento do alumnado tanto no plano académico como no persoal; 6) valorar a necesidade do apoio tutorial como instrumento de coñecemento e reflexión no proceso de formación universitario; 7) Axudar ao alumnado, na medida do posible, naqueles problemas ou situacións que lles provoquen inquietude e ansiedade.

O Plan de Acción Tutorial estruturarase en tres niveis diferentes: 1) 1º nivel, constituído polo profesor tutor persoal do alumno (asignado no momento da matrícula); 2) 2º nivel, constituído polo coordinador do máster, que completa a orientación do tutor persoal; 3) 3º nivel, constituído pola Comisión Académica do Máster (CAM), que realiza avaliacións periódicas do desenvolvemento do máster.

O número máximo de alumnos/as do máster (30-35) é moi manexábel. Ademais, a propia estrutura de cargos e responsabilidades dentro do propio máster (coordinador do máster, coordinadores de módulo, responsábel da materia, profesorado da materia), facilita que o alumnado esté sempre informado de todo e poida, en caso se surxir algún problema, comunicalo ao profesor ou persoa máis inmediatamente responsábel. Os cargos de responsabilidade están repartidos entre o profesorado propio da UVIGO; e a responsabilidade máxima do máster (o coordinador xeral do máster) é, de facto, bianual e rotativa; de maneira que o coordinador pasa a ser o secretario e sirve de "ponte" e axuda para o novo responsábel. Desta maneira conséguese que, pouco a pouco, todo o profesorado participe, se implique e coñeza todas as tarefas de responsabilidade do máster. Co cambio na coordinación do módulo teórico-metodolóxico do máster conseguíuse que todos os coordinadores de módulo formasen parte da CAM.

Ademais destes tres niveis de coordinación interna no máster, o Decanato da Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT) encargase de xestionar todos aqueles aspectos que non entran nas competencias da coordinación do máster. Existe, ademais, unha Delegación de Alumnos que, ademais dos protocolos establecidos polo Sistema de Garantía de Calidade (SGC) para a canalización de suxestións e reclamacións, serve de ligazón entre os estudantes de maneira individual ou colectiva e o equipo directivo da Facultade. Dita delegación dispón dos medios necesarios e unha partida orzamentaria para cumprir a súa tarefa de representación e outras como facilitar a realización de propostas e iniciativas do alumnado.

A Universidade de Vigo (UVIGO) conta así mesmo co seu propio Gabinete Psicopedagóxico ([https://www.uvigo.es/uvigo\\_es/vida/psicopedagogico/](https://www.uvigo.es/uvigo_es/vida/psicopedagogico/)) a disposición dos estudantes para orientarlles e asistirlles tanto en cuestións académicas como noutras de índole persoal. Por outra banda, a Universidade ten en marcha un programa de apoio á integración do alumnado con necesidades especiais (PIUNE) para facilitar a súa vida académica e garantir o seu dereito ao estudo ([https://www.uvigo.es/uvigo\\_es/administracion/extension/funcions/siope/discapacidade/piune/](https://www.uvigo.es/uvigo_es/administracion/extension/funcions/siope/discapacidade/piune/)). Este programa, dirixido polo decanato do centro, conseguiu en colaboración con outros organismos, como a ONCE ou os vicerreitorados correspondentes, dotar de medios materiais e humanos (bolseiros de apoio, por exemplo) necesarios para que alumnos cegos ou con síndrome de Asperger cursen normalmente os seus estudos. Como se indicou no apartado anterior, ata agora neste máster non se rexistrou ningún estudante con necesidades educativas especiais polo que non foi necesario solicitar a axuda do Gabinete Psicopedagóxico

O grao de satisfacción coa orientación ao estudantado no curso 2014-15 (antes indicador 72) foi dun 66,66% (3,33/5,00) no caso do estudantado e dun 92,6% (4,63/5,00) no caso do profesorado; significativamente o valor máis alto (nos dous casos) de todas as titulacións (graos e másters) do Centro (FFT), que ten unha media de do 52,6% (2,63/5,00) e do 79,40% (3,97/5,00), respectivamente. Este indicador (maila o feito que o grao de satisfacción coa orientación ao estudantado podería mellorarse) mostra que, tanto a coordinación vertical como a coordinación horizontal no máster, funcionaron moi satisfactoriamente. Obviamente, o carácter "familiar" do máster (cunha media de alumnos matriculados de 38 alumnos matriculados en xeral por curso e de 27,5 de novo ingreso por curso, cun número de docentes de 17, cun número de módulos de 3, cun número de materias por módulo de 2-3 materias como máximo, e cun número de materias de 15 materias) favorece esta coordinación.

Non se rexistraron reclamacións ou queixas oficiais no Decanato relacionadas co "Máster en Traducción Multimedia" (MTM) durante o curso 2014-15 (nin tampouco en cursos anteriores).

#### **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os/as estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso axeitado para iniciar os estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- De ser o caso, os complementos de formación cumpren a súa función de nivelar y acadar as competencias e coñecementos polas/os estudantes que os cursen.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O título axéitase, no que atinxe a requisitos de acceso e admisión, ó establecido no RD 861/2010.

As vías e requisitos de acceso ao título e tamén ao perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil acceso na memoria do título.

Existen tamén mecanismos axeitados e accesibles de información previa á matriculación e procedementos de acollida e orientación do estudiantado de novo ingreso e tamén para o estudiantado unha vez matriculado (DO-0203-P1 de "Orientación ao estudiantado", <http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/420-do-02-planificacion-e-desenvolvemento-do-ensino?download=751:do-0203-p1-ind04-orientac-ao-estudantad>). A información está dispoñible na páxina web do centro, na sección de Calidade/SGIC (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft>).

As condicións de matriculación, o perfil de ingreso e o programa formativo do título está accesible na páxina web da Universidade ([http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/administracion/alumnado/normativa/](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/normativa/)), e na páxina web do Centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/422-pc04-seleccion-admision-e-matriculacion-de-estudiantes>).

A nota media de acceso do alumnado de novo ingreso aumentou pailatina e progresivamente ao respecto de cursos anterior: 3,26 no curso 2010-11; 5,96 no curso 2011-12; 6,83 no curso 2012-13; 7,34 no curso 2013-14 e 7,50 no curso 2014-15.

Coma observamos no curso 2014-15, aproximadamente o 52% do alumnado matriculado procede do ámbito relacionado mais directamente coa tradución, un 33% procede do ámbito relacionado mais directamente coa lingua inglesa; e o 15% restante repártese entre estudos realizados no estranxeiro (10,00%) e Comunicación Audiovisual (5,00%).

Todos menos un estudante proceden de España, maioritariamente da Galicia (44,82%); o resto repártese entre outras 8 comunidades: Andalucía (6,90%), Aragón (3,45%), Asturias (3,45%), Canarias (10,34%), Castela-A Mancha (6,90%), Castela e León (10,34%), Comunidade Valenciana (10,34%) e Madrid (6,90%). O 44,82% de estudante que proceden de Galicia repártense entre as provincias de A Coruña (17,24%), Lugo (3,45%), Ourense (3,45%) e Pontevedra (6; 20,69%). Como xa comentamos nun apartado anterior, entendemos que a semipresencialidade da titulación facilita esta heteroneixidade no reparto de procedencia do alumnado entre comunidades e provincias.

Os datos proporcionados sobre a adecuación, ocupación e preferencia do estudiantado de novo ingreso na titulación rexistran un certo grao de estabilización en todos os ítems: no ítem "adecuación" pasa do 90,00% no curso 2013-14 a 88,89% no curso 2014-15; no ítem "ocupación" pasa do 111,11% no curso 2013-14 a 100,00% no curso 2014-15; e, finalmente, o ítem "preferencia" permanece inalterable no 118,52% nos dous cursos académicos reseñados. Non dispoñemos de máis datos para poder analizar as razóns que poidan derivar do pequeno descenso de porcentaxe nos dous primeiros ítem en particular.

Non se pode valorar a opinión do alumnado sobre o ítem de acceso e admisión porque o novo deseño da enquisa de

satisfacción do curso 2014-15 non inclúe o indicador correspondente (71: "Satisfacción co proceso de selección, admisión e matriculación").

### **1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia tocante aos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, e outras relacionadas coa avaliación, traballos de fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvese segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudiantado e as competencias a acadar no título. Impacto das mesmas nos resultados.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A aplicación das distintas normativas vixentes no regulamento do centro e da titulación sucedeuse sen incidencias durante o curso analizado 2014-15.

A páxina web do Centro (<http://fft.webs.uvigo.es/>) inclúe algúns regulamentos de aplicación no máster como poida ser o regulamento de uso de instalacións.

A páxina web do máster (<http://multitrad.webs.uvigo.es/>) inclúe información específica sobre outros regulamentos como poidan ser o regulamento da materia de "Traballo de fin de máster" (TFM) e o regulamento da materia de "Prácticas en empresas" (PE). Nos enlaces aos regulamentos do módulo práctico do máster (TFM e PE), a información revísase nos primeiros meses de cada curso académico para adecuala á realidade do momento: adecuala ás propostas de mellora da propia CAM (segundo á experiencia de cursos pasados e as demandas e previsións de futuro), adecuala ás necesidades e ofertas do propio mercado profesional e das empresas do sector; adecuala ós posibles cambios suxeridos e/ou obrigados pola propia UVIGO ou organismos e/ou entidades competentes; e, obviamente, adecuala tamén ás propias suxerencias do profesorado e alumnado do curso anterior (ou do propio curso).

As modificacións nos regulamentos do módulo práctico, en calquera caso, non acostumbran a ser moitas ao respecto do curso anterior, xa que os dous regulamentos baséase, respectivamente, no "Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, por el que se regulan las prácticas académicas externas de los estudiantes universitarios" e no establecido ao respecto na propia Memoria do Máster. Aínda así, mentres o módulo práctico do máster (TFM e PE) non está aínda operativo (o cal acostuma a ser durante os dous primeiros meses de outubro e novembro do curso académico), os enlaces non están tampouco activados (mentres se realizan as oportunas modificacións e/ou actualizacións dos respectivos regulamentos); basicamente, para non confundir ao alumnado no caso de producirse algunha pequena variación nos regulamentos ao respecto do curso anterior. En calquera caso, sen embargo, activados ou non, os enlaces finais (URL) son sempre os mesmos:

- Regulamentos, normativas e procedimentos dos "Traballos de fin de máster (TFM)" son:
  - 1) Normativa interna do "Trabaja de fin de máster": [http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/1-normativa\\_tfm\\_2014\\_2015.pdf](http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/1-normativa_tfm_2014_2015.pdf).
- Regulamentos, normativas e procedementos das "Prácticas en empresas (PE)" son:
  - 1) Descripción desarrollada de la materia: [http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/1-descripcion\\_detallada\\_practicas\\_14\\_15.pdf](http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/1-descripcion_detallada_practicas_14_15.pdf).
  - 2) Real Decreto 1707/2011, do 18 de novembro polo que se regulan as prácticas académicas dos estudantes universitarios (BOE 297, 10/12/2011): [http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/2-rd1707-2011\\_practicas-externas.pdf](http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/2-rd1707-2011_practicas-externas.pdf).
  - 3) Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo (aprobado no Consello de Goberno do 24/05/2012): <http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/3->

regulamento-uvigo\_practicas-externas.pdf.

- 4) Resolución rectoral do 21/02/2013 pola que se fai pública a instrución que establece o procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas externas curriculares na Universidade de Vigo: [http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/4-instruciones-uvigo\\_practicas-externas.pdf](http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/4-instruciones-uvigo_practicas-externas.pdf).

O alumnado ten tamén acceso a información sobre outras normativas vixentes na páxina web do Servizo de alumnado ([http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/administracion/alumnado](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado)) atópanse: 1) dentro do apartado de “normativa”, a normativa xeral de grao e posgrao e a normativa específica de posgrao; como por exemplo o regulamento dos estudos oficiais de posgrao, o regulamento de homologación de títulos estranxeiros e títulos e graos académicos de posgrao, e a normativa de permanencia e progreso; 2) dentro do apartado de “matrícula”, información diversa sobre os títulos de máster ofertados en cada curso académico; como é o caso das convocatorias de matrícula, as solicitudes de matrícula a tempo parcial, as solicitudes de convocatoria adiantadas, as solicitudes de equivalencia de título estranxeiro, e o procedemento de transferencia e recoñecemento de créditos para másteres universitarios oficiais.

No que atinxe ao regulamento de horarios, al ser un máster semipresencial, a CAM establece as datas de docencia de todas as materias do máster e concentra toda a docencia presencial no acto inaugural do máster (onde se presenta o máster por parte do coordinador de máster, os diferentes módulos do máster por parte dos coordinadores de máster, e as materias do primeiro cuatrimestre por parte dos coordinadores de materia); e nas dúas semanas de docencia presencial do máster (unha en cada cuatrimestre), onde se imparte a docencia presencial de cada materia. A presentación das materias do segundo cuatrimestre faise directamente desde a plataforma de teledocencia de FaiTIC.

O sistema de avaliación nas materias impartidas no máster axústase á normativa da Universidade de Vigo (ver Criterio 6.1).

#### CRITERIO 1:

##### Puntos febles detectados:

- (1.1) As condicións de acceso e os mecanismos de preinscripció/matricula do alumnado do máster.
- (1.2) O ingreso do alumnado do tercer prazo de preinscripción / matrícula (que se matricula normalmente na metade do mes de outubro, cando o máster normalmente inicia a súa docencia na última semana do mes de setembro) “distorsiona” enormemente a docencia das materias do primeiro cuatrimestra polo feito que o novo alumnado se incorporan á docencia con dous ou tres semanas mínimo de retraso.
- (1.3) Mailla no curso 2015-16 a porcentaxe de alumnado proceden do ámbito da tradución, en xeral, sitúase nunha porcentaxe que podemos situar ao redor do 52,00%; esta porcentaxe podería ser mais alta e situarse no límite do 70-80% para garantir a supervivencia do máster.

##### Accións de mellora a implantar:

- (1.1) Mellorar ou, como mínimo, simplificar as condicións de acceso e os mecanismos de preinscripció/matricula do alumnado do máster. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): universidade.
- (1.2) Estudar a conveniencia ou non de solicitar o tercer prazo de preinscripción / matrícula no máster; e buscar accións de mellora para, no caso de solicitalo, minimizar o efecto que a incorporación do novo alumnado non “distorsione” a docencia das materias do primeiro cuatrimestra. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): titulación.
- (1.3) Elaborar accións de mellora para que a porcentaxe de alumnado proceden do ámbito da tradución, en xeral, sexa mais alta (no límite do 70-80%) para garantir a supervivencia do máster. Facer o mesmo cá porcentaxe de alumnado procedente da Galicia que podería e debería ser moi superior. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): titulación.



<p>O mesmo acontece co alumnado procedente da Galicia que é “so” dun 44,82% (tendo en conta que a única facultade de Filoloxía e Tradución na Galicia é a de Vigo, esta porcentaxe podería e debería ser moi superior.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• (1.4) Maila ser un máster semipresencial, a presenza de alumnos estranxeiros (do EEES ou de fora del) é testemuñal.</li> <li>• (1.5) O funcionamento da aplicación (informática) de guías docentes DOCNET.</li> <li>• (1.6) A necesidade de persoal de apoio para a recepción da documentación de preinscripción e/ou matrícula no máster.</li> <li>• (1.7) O volume de documentación “a maiores” a entregar como requisito para poder acceder ao máster.</li> <li>• (1.8) O calendario académico de realización dos TFM e PE que non deixa tempo de abondo ao alumnado do máster para realizar as devanditas tarefas.</li> <li>• (1.9) As axudas de mobilidade para o estudantado que seguen sen axustarse ás características deste máster. Non se pide mobilidade entre universidades senón entre universidades e empresas para realizaren as prácticas obrigatorias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• (1.4) Elaborar accións de mellora para que aumente no máster a presenza de alumnos estranxeiros (do EEES ou de fora del). Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): titulación.</li> <li>• (1.5) Mellora o funcionamento da aplicación (informática) de guías docentes DOCNET. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): universidade</li> <li>• (1.6) Solicitar á VOAP a conveniencia ou non de solicitar persoal de apoio para a recepción da documentación de preinscripción e/ou matrícula no máster. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): titulación</li> <li>• (1.7) Estudar a posibilidade de simplificar a documentación “a maiores” a entregar como requisito para poder acceder ao máster (por exemplo, avaliar a posibilidade de eliminar a carta de motivación). Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): titulación.</li> <li>• (1.8) Solicitar á VOAP a modificación do calendario académico de realización dos TFM e PE para dar mais tempo ao alumnado do máster a realizar as devanditas tarefas. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): universidade.</li> <li>• (1.9) Mellorar as axudas de mobilidade para o estudantado que seguen sen axustarse ás características deste máster. Non se pide mobilidade entre universidades senón entre universidades e empresas para realizaren as prácticas obrigatorias. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): universidade.</li> </ul>
--	--

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndos os plans de mellora

E3: Plan de ordenación docente do título

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e cursoacadémico)

E5: Documentación do SGC: evidencias da implantación dos procedementos relacionados coa organización e desenvolvemento do título: informes ou actas que evidencien reunións de coordinación, información sobre o proceso de admisión, perfís reais de ingreso, xestión das prácticas externas,...

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.)

E7: Informes sobre o recoñecemento de créditos para valorar se son axeitados

E8: Informes/documentos nos que se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso real dos estudantes do título

E9: Normativas da universidade e a súa aplicación
E10: Horarios
<b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>
I1: Evolución do número de estudantes matriculadas/as por curso académico
I2: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I3: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (cuestión relacionadas coa organización e o desenvolvemento do plan de estudos)
I5: Evolución dos indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan nos programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados, ...)
I6: Duración media dos estudos (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
I7: Distribución do alumnado por grupos

<b>DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO</b>
<b>CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:</b>
<b>Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar a maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantizan a súa calidade.</b>
Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e atópase dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).
<b>2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.</b>
Aspectos a valorar:
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados acadados.</li> <li>• A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.</li> <li>• Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.</li> </ul>
<b>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</b>
A información incluída na páxina web sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente. Dado que nos anteriores informes a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.
A <u>valoración</u> do grao de cumprimento relativo ao criterio de "Información pública" emitida no "Informe de seguimento 2012-13" foi "conforme" e mesmo mellorou para o curso 2013-14 que foi calificada de "conforme-excelente" polo director da Área de Apoio á Docencia e Calidade no seu informe final de revisión interna do seguimento de titulacións de data 28/07/15 en relación co "Informe de seguimento 2013-14". Destaca como fortaleza neste apartado: i) na web do Centro, a información pública relativa ao Máster está, en xeral, completa e

moi actualizada; ii) achégase información dos aspectos máis significativos do título na web do mesmo, que ten un formato sinxelo e atractivo e resulta fácil atopar a información, aínda que esa realidade é susceptible de mellora, como se recolle no apartado de recomendacións; iii) a información relativa ao profesorado resulta moi útil, xa que contén un nivel de información adecuado e ademais inclúe unha fotografía que favorece a identificación; iv) a páxina web comprende un apartado denominado “Opinión” que recolle opinións de egresados sobre a súa experiencia no curso; v) a información sobre o calendario e horario da semana que se consulta, resulta moi útil; ademais publícanse noticias e anuncios de forma moi didáctica, directa e amena.

Sen embargo, a Área de Apoio á Docencia e Calidade considerou inicialmente que, ao respecto deste apartado: 1) No se proporciona información suficiente sobre el TFM, só se ofrece a que aparece na web do Centro en “Información Pública” e que está extraída da Memoria de Verificación da Titulación; hai un enlace na web do título que leva á Guía Docente da materia, pero esta información non é suficiente; ii) Unha situación similar sucede coas Prácticas Externas; si ben na web do título se recollen os logos das empresas, é a única información de que se dispón, xa que a ligazón leva a unha Guía Docente que non ten contidos.

Ao respecto desta última consideración, a coordinación do máster presentou, en tempo e forma, dúas alegacións á Área de Apoio á Docencia e Calidade (unha para o TFM e outra para as PE) que foron as dúas admitidas, polo que a valoración a valoración emitida inicialmente neste apartado de “conforme” pasou a ser de “conforme-excelente”. Na xustificación da admisión das alegacións especificase (nos dous casos): apréciase o esforzo clarificador realizado na alegación, e as melloras establecidas desde o curso 2013-14, e a partires do Informe de Seguimento. Nos dous casos tamén, recoméndase, trala análise do último parágrafo da alegación, que se revise o concepto de información privada, por se impide ao alumnado potencial acceder a información complementaria que poidera ser interesante; ao ser información privada, tampouco a revisión interna puido acceder, de xeito que non é avaliable o grao de mellora atinxido.

A información pública na web do Centro (<http://fft.webs.uvigo.es>) pretende ser completa e actualizada. No curso 2014-15 mellorouse o formato da web con menús mais dinámicos e sencillos de usar, de maneira que a información xeral, académica, regulamentos, etc., foran fáciles de localizar. Pola súa banda, a páxina web do título (de máster) pretende recoller a información máis significativa, de maneira que resulte facilmente accesible. Pretende ser unha web sinxela, atractiva e de fácil manexo.

O espazo web da titulación (<http://multitrad.webs.uvigo.es>) ten un menú de navegación a partir do cal pode accederse a información xeral, á descripción do programa, á admisión/bolsas, ao profesorado, ás FAQ (ou “preguntas máis frecuentes”), ás opinións (dantigos alumnos); e, finalmente, a ligazóns de interese. No apartado “información xeral” atópase información relacionada coa presentación do título, descripción do título, xustificación do título (social e académica), obxectivos e competencias (xerais e/ou específicos). No apartado “descripción do programa” atópase información relacionada coa planificación das ensinanzas (descripción da planificación docente, estrutura e distribución temporal, e o calendario e horario so curso académico en curso. No apartado “admisión/bolsas” existe un apartado de acceso e admisión do estudantado (onde se detallan aspectos como a demanda e a matrícula, o proceso de selección, os requisitos e acceso, o perfil de ingreso, a orientación do estudantado, e a transferencia e recoñecemento de créditos); tamén existe un formulario/carta de solicitude de información/admisión que pode preñerse e enviarse ao coordinador do máster e/ou á Secretaría de Alumnado da Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT). No apartado “profesorado” facilítase a información mais relevante do profesorado do máster, detallándose en cada un deles unha fotografía súa, o seu nome e apelidos, procedencia, o seu correo electrónico de contacto, se é coordinador do máster ou dalgún dos módulos do máster (ou secretario do máster), a asignatura que imparte, e un breve curriculum persoal. No apartado “FAQ” ou de “preguntas mais frecuentes” hai nestes momentos once preguntas e respostas relacionadas con aspectos relevantes do máster: desde donde debe dirixirse o usuario se ten unha pregunta relacionada co máster, ata saber si o máster é un título oficial e se permite acceder a estudos de doutorado. No apartado “opinión” recóllense as opinios dantigos alumnos do máster (especificándose o seu nome e apelidos, opinión e curso académico no que se matriculou). E, finalmente, o apartado de “ligazóns de interés” recolle 20 ligazóns a diferentes URL con información relacionada, directa ou

indirectamente, co máster.

No caso da información relacionada cos horarios, as guías docentes, e o profesorado, por exemplo, os enlaces web están sempre activos e a información está sempre actualizada dende semanas antes do inicio do curso académico. Noutros casos, como son os enlaces aos regulamentos do módulo práctico do máster (TFM e PE), a información revisase nos primeiros meses de cada curso académico para adecuala á realidade do momento: adecuala ás propostas de mellora da propia CAM (segundo á experiencia de curso pasado e as demandas e previsións de futuro), adecuala ás necesidades e ofertas do propio mercado profesional e das empresas do sector; adecuala ós posibles cambios suxeridos e/ou obrigados pola propia UVIGO ou organismos e/ou entidades competentes; e, obviamente, adecuala tamén ás propias suxerencias do profesorado e alumnado do curso anterior (ou do propio curso).

As modificacións nos regulamentos, en calquera caso, non acostumbran a ser moitas ao respecto do curso anterior, xa que os dous regulamentos baséase, respectivamente, no "Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, por el que se regulan las prácticas académicas externas de los estudiantes universitarios" e no establecido ao respecto na propia Memoria do Máster. Aínda así, mentres o módulo práctico do máster (TFM e PRÁCTICAS) non está aínda operativo (o cal acostuma a ser durante os dous primeiros meses de outubro e novembro do curso académico), os enlaces non están tampouco activados (mentres se realizan as oportunas modificacións e/ou actualizacións dos respectivos regulamentos); basicamente, para non confundir ao alumnado no caso de producirse algunha pequena variación nos regulamentos ao respecto do curso anterior. En calquera caso, sen embargo, activados ou non, os enlaces finais (URL) son sempre os mesmos:

- Regulamentos, normativas e procedimientos dos "Traballos de fin de máster (TFM)" son:
  - 2) Normativa interna do "Trabajo de fin de máster": [http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/1-normativa\\_tfm\\_2014\\_2015.pdf](http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/1-normativa_tfm_2014_2015.pdf).
- Regulamentos, normativas e procedementos das "Prácticas en empresas (PE)" son:
  - 5) Descripción desarrollada de la materia: [http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/1-descripcion\\_detallada\\_practicas\\_14\\_15.pdf](http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/1-descripcion_detallada_practicas_14_15.pdf).
  - 6) Real Decreto 1707/2011, do 18 de novembro polo que se regulan as prácticas académicas dos estudantes universitarios (BOE 297, 10/12/2011): [http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/2-rd1707-2011\\_practicas-externas.pdf](http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/2-rd1707-2011_practicas-externas.pdf).
  - 7) Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo (aprobado no Consello de Goberno do 24/05/2012): [http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/3-regulamento-uvigo\\_practicas-externas.pdf](http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/3-regulamento-uvigo_practicas-externas.pdf).
  - 8) Resolución rectoral do 21/02/2013 pola que se fai pública a instrución que establece o procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas externas curriculares na Universidade de Vigo: [http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/4-instrucciones-uvigo\\_practicas-externas.pdf](http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/4-instrucciones-uvigo_practicas-externas.pdf).

Por último destacar que na páxina principal do espazo web (a cal pódese acceder tamén a través do logo do propio máster) publícanse noticias e anuncios dunha maneira que pretende ser didáctica, directa e amena.

## CRITERIO 2:

### Puntos febles detectados:

- (2.1) A información ecistente no apartado "Información General" e do apartado "Descripción del programa" da web do máster

### Accións de mellora a implantar:

- (2.1) Valorar a inclusión no apartado de "Información General" da web do máster dun menú despregable ou similar, que permita o acceso directo a determinada

<p>podería ampliarse / mellorarse.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• (2.2) Na ligazón de “Admisión/bolsas” da web da titulación, aínda que a información relativa á admisión está completa e contén información moi útil para este criterio, non se recolle aínda ningunha información sobre as Bolsas.</li> <li>• (2.3) A información sobre o PAT só se menciona brevemente na información de “Orientación”.</li> <li>• (2.4) A información relacionada co “Traballo de fin de máster” (TFM) debe mellorase / ampliarse.</li> <li>• (2.5) A información relacionada c as “Prácticas en empresa” (PE) pode e debe mellorase / ampliarse.</li> <li>• (2.6) Algunha información relacionada co “Traballo de fin de máster” (TFM) e as “Prácticas en empresa” (PE) considérase “información privada” e o seu acceso está restrinxido so ao alumnado oficial do máster..</li> </ul>	<p>información: Xustificación; Obxectivos e Competencias. O mesmo podería facerse co apartado “Descrición del programa”. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): titulación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• (2.2) Valorar a conveniencia de manter o epígrafe de “Bolsas” na web dtitulación ou de completar a información inexistente agora mesmo ao respecto. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): titulación.</li> <li>• (2.3) Mellorar a información sobre o PAT existente na web do máster (ou, no seu defecto, explicar o mecanismo substitutorio que o remplaza). Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): titulación.</li> <li>• (2.4)] No caso do “Traballo de fin de máster” (TFM), incluír na web do máster un arquivo histórico con todos os TFM presentados ata agora, detallando o nome do TFM, o seu autor, o seu directos e o curso académico no que se presentou. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): titulación.</li> <li>• (2.5) No caso das “Prácticas en empresa” actualizar na web do máster o listado de empresas, institución e tradutores autónomos colaboradores co máster. Incluír tamén os seus logos e unha ligazon dende os mesmos a correspondente URL do colaborador. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): titulación.</li> <li>• (2.6) Revisar o concepto de “información privada” ao respecto de certa información relacionada cos TFM e PE restrinxida so ao alumnado mas respectivas materias a través do acceso a plataforma de teledocencia FaiTIC, por se impide ao potencial alumnado do máster acceder a información complementaria que poidera ser do seu interés. Ademáis, hai que ter en conta que, ao ser información privada, tampouco a revisión interna pode acceder a ela, de xeito que non é avaliable o grao de mellora atinxido. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): titulación.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b></p> <p>E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndo os plans de mellora</p> <p>E11: Páxina web do título/centro/universidade</p> <p>E12: Informes ou documentos públicos nos que se recollan e se fagan públicos os principais resultados do título</p>	

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (cuestión relacionadas coa información publicada na páxina web do título/centro/universidade)

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO****CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC contén os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.**

Aspectos a valorar:

- O procedementos que permiten recoller a información de xeito continuo, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisión e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo co establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- O procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e do profesorado desenvóléronse de acordo co establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólvese de acordo co establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**

A Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT) ten un SGIC que foi certificado pola ACSUG e que recolle información de xeito continuo e permite avaliála para tomar decisións de mellora (evidencias E2, E5, E13). Este sistema pretende regulamentar o seguimento das accións relacionadas co control da calidade no centro. O órgano responsable do SGIC é a Comisión de Garantía Interna de Calidade, que cumpre a normativa vixente en canto á estrutura e composición. A renovación dos membros da comisión lévase a cabo periodicamente, dado que os seus integrantes varían cada curso. Durante o curso 2013-14 incorporáronse á Comisión os Directores dos Departamentos para mellorar a comunicación entre todos os órganos do Centro e recoller información sobre necesidades de persoal. Aínda que dende o centro se vela pola participación na comisión de representantes de todos os grupos de interese, a escasa implicación dos estudantes e dos egresados nos órganos de representación do centro foi sinalada pola comisión avaliadora da auditoría externa para a certificación do SGIC como unha non conformidade maior e puxéronse en práctica accións de mellora.

O alumnado do Centro ten á súa disposición un protocolo de reclamacións tradicional, que consiste no rexistro dunha queixa ou suxestión na Secretaría do Decanato. Ademais, no curso 2013-14 habilitouse unha aplicación informática na páxina web do Centro que permite, despois dunha identificación, rexistrar queixas, suxestións e parabéns (QSP). Este procedemento seguiu habilitado no curso 2014-15, cun enlace directo dende a icona visible na nova páxina web da Facultade (<http://fft.webs.uvigo.es/>), e será o único empregado a partir do curso 2015-16. A información sobre a xestión das QSP está recollida na sección de Calidade/SGIC na páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/436-mc-xestion-da-calidade-e-mellora-continua>).

As enquisas de satisfacción elaboradas no curso 2014-15 incorporan un novo ítem que permite valorar a xestión do sistema de calidade no Centro. O alumnado e profesorado tamén poden mostrar o seu grao de satisfacción coa xestión da calidade nas enquisas de satisfacción. No caso do alumnado e profesorado do máster os resultados acadados foron do 64,60% (3,23/5,00) no caso do alumnado e do 87,2% (4,36/5,00) no caso do profesorado. Polo tanto, o grao de satisfacción é superior ao 60% tanto no alumnado coma no profesorado: 64,60% e 87,20% respectivamente. Sen máis detalle sobre o que se entende por sistema de calidade, podemos especular que a valoración máis baixa rexistrada no sector de estudantes pode estar relacionada coa falta de participación deste sector en órganos de goberno e co maior descoñecemento do sistema en xeral, como comentamos neste informe a continuación. A divulgación da importancia do SGIC é un dos obxectivos recurrentes nos plans de mellora do Centro.

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introducción de modificacións do título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos plantexados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No curso 2014-15, do mesmo xeito que en cursos anteriores, aplicáronse os procedementos de calidade relativos á avaliación e mellora da calidade da ensinanza e do profesorado (DO 0102, DO 0201, PM01) e analizáronse os resultados dos diferentes indicadores de calidade.

Tamén se aplicaron os procedementos referentes á mobilidade (DO 0205) e os referidos á satisfacción dos diferentes colectivos e aos criterios de extinción (MC05, PA03, PA04, DO 0103).

Detectouse unha implantación deficiente dos procedementos de recollida de información sobre a inserción laboral dos estudantes, mais a Universidade está a traballar institucionalmente para facilitar a recollida de datos sobre este punto (Ver Criterio 7.3).

Os procedementos de calidade do SGIC experimentaron durante o curso 2013-14 un proceso de modificación coordinado e dirixido pola Área de Calidade; xa durante o curso 2013-14 e a posteriori no curso 2014-15 se foron aplicando os procedementos pertinentes seguindo as directrices da Área de Calidade a este respecto no referente á súa vixencia .

Os plans de mellora elaborados polo centro recollen debidamente as recomendacións e accións a desenvolver derivados do proceso de verificación e seguimento. Estes están dispoñibles na páxina web do centro, na sección de Calidade/SGIC: <http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/447-plans-anuais-de-melloras>.

### **3.3.- O SGC implantado revísase periódicamente para analizar se é axeitado e, de ser o caso, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, na que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das

melloras do SGC.

- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Durante o curso 2013-14 a Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución considerou necesario revisar os obxectivos de calidade, co fin de adecualos á situación actual do centro. O novo Manual de Calidade foi elaborado durante os cursos 2013-14 e 2014-15, de xeito que, baseándose nos criterios e requisitos establecidos para a determinación dos obxectivos de calidade do centro, redefiníronse os obxectivos de calidade existentes, así como as liñas de actuación e os indicadores que permitan desenvolvelos. O novo manual foi publicado en febreiro de 2015 e está dispoñible na sección de Calidade/SGIC da páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/416-2-manual-do-sgic>).

No curso 2014-15 modificouse o regulamento de Réxime Interno da Comisión de Calidade na Facultade de Filoloxía e Tradución (artigos 3 e 4), con cambios que veñen dados pola aprobación do novo manual de calidade. O novo regulamento foi aprobado pola Comisión de Calidade en maio de 2015.

O órgano responsable do SGIC é a Comisión de Calidade, que cumpre a normativa vixente en canto á estrutura e composición. A renovación dos membros da comisión lévase a cabo periodicamente, dado que os integrantes varían cada curso. En 2013-14 incorporáronse á Comisión os Directores dos Departamentos para mellorar a comunicación entre todos os órganos do Centro e recoller información sobre necesidades de persoal. No novo regulamento de réxime interno aprobado no curso 2014-15 introduciuse unha modificación na composición da comisión mediante a que se incorporan máis membros natos co fin de ter unha mellor representación dos sectores implicados en decisións.

Malia que o Centro vela pola participación na comisión de representantes de todos os grupos de interese, a escasa implicación do estudantado e dos egresados nos órganos de representación fai que actualmente non existan representantes destes grupos de interese na Comisión de Calidade. Este problema foi sinalado pola comisión avaliadora da auditoría externa para a certificación do SGIC como unha non conformidade maior; en consecuencia, planificáronse varias accións de mellora que se recollen no plano de mellora correspondente a este criterio para o curso 2014-15.

Como medida adicional, no novo regulamento do réxime interno da Comisión de Calidade aprobado en maio de 2015 establécese que se non houber representación do alumnado na Xunta, a decana (presidenta desta comisión) pode nomear un/ha representante de estudantes para esta comisión. A Vicedecana de Calidade tamén propuxo que o alumnado sexa representante en calquera órgano, que non teña por que ser exclusivamente da Xunta de Facultade, como por exemplo, nos Consellos de Departamento, e así podería haber representación de cada un dos graos.

Durante o curso 2014-15 a Vicedecana de Calidade e as coordinadoras das titulacións do centro continuaron a observar unha falta de interese e/ou implicación do estudantado no SGIC, e un escaso coñecemento do SGIC entre o alumnado e o profesorado. Seguiu insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC mediante canles como o Plan de Acción Titorial (PAT) e as Xuntas de Facultade. Con todo, durante o curso 2014-15 non conseguimos estudantes voluntarios/as para participaren en órganos de goberno e decisión. Os obxectivos para o curso 2015-16 continúan a ser os mesmos: (i) sensibilizar o estudantado sobre a necesidade de participar nos órganos de goberno e decisión do Centro a través de charlas informativas e orientación nas reunións celebradas co profesorado titor do PAT; (ii) nomear representantes de cada curso coa finalidade de conseguir que o estudantado se afaga a representar e ser representado e motivalo a participar activamente nos órganos de decisión.

**CRITERIO 3:**



<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• (3.1) Escasa implicación de alumnado e profesorado no SGIC</li> <li>• (3.2) Escasa participación do alumnado nos órganos de decisión do centro (Xunta de Facultade, Comisión de Calidade...)</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• (3.1) Continuar coa sensibilización de profesorado e alumnado (charlas informativas, tutorías PAT, suxestións para que escollan representantes de alumnado por curso...) para que participen nos órganos de goberno e decisión do centro e em comisións varias (Comisión de Exteriores, Comisión de Calidade, Comisión de Validacións, Comisión de Extensión Cultural...). Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): centro.</li> <li>• (3.2) Campaña intensiva específica de captación previa á convocatoria de eleccións a membros de xunta de centro (charlas informativas e campaña a través de Faitic). Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): centro.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b></p> <p>E2: Informes de verificación, modificacións e informes de seguimento dos títulos, incluídos os plans de mellora</p> <p>E5: Documentación do SGC (evidencias da implantación dos diferentes procedementos recollidos no subcriterio 3.1.)</p> <p>E13: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p> <p>E14: Plans e seguimento das acción de mellora</p> <p>E15: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (formatos de enquisas)</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I8: Resultados dos indicadores do SGC</p>	

<p><b>DIMENSIÓN 2. RECURSOS</b></p>
<p><b>CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:</b></p> <p><b>Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.</b></p> <p>Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.</p>
<p><b>4.1.- Persoal académico. O título conta co profesorado suficiente e a súa cualificación é a axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que debe acadar o estudiantado.</b></p>
<p>Aspectos a valorar:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado a primeiro curso de títulos de Grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.</li> </ul>

- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o estudiantado.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- De ser o caso, a Universidade ten cumprido os compromisos incluídos na memoria de verificación do título, relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Consideramos que o grao de cumprimento deste criterio é suficiente en termos xerais.

En xeral, a información incluída na páxina web sobre este apartado revisase e actualízase periodicamente. Dado que nos anteriores informes a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Recursos humanos" emitida no "Informe de seguimento 2012-13" foi "conforme" e mesmo mellorou para o curso 2013-14 que foi calificada de "conforme-excelente" polo director da Área de Apoio á Docencia e Calidade no seu informe final de revisión interna do seguimento de titulacións de data 28/07/15 en relación co "Informe de seguimento 2013-14". Destaca como fortaleza neste apartado: "A reflexión é adecuada e demostra un profundo coñecemento do título, xa que non se limita a unha enumeración do persoal docente, senón que os relaciona co índice de satisfacción dos estudantes e expón o problema da presencialidade nas enquisas, suponse que relativo a EAD, xa que as de satisfacción son en liña".

#### **CADRO DE PERSOAL DOCENTE**

A páxina web do máster foi actualizada no curso 2014-15 (ver Criterio 2.1) e ofrece información completa e detallada do persoal docente do máster. No apartado "profesorado" facilítase a información máis relevante do profesorado do máster, detallándose en cada un deles unha fotografía súa, o seu nome e apelidos, procedencia, o seu correo electrónico de contacto, se é coordinador do máster ou dalgún dos módulos do máster (ou secretario do máster), a asignatura que imparte, e un breve currículum persoal (<http://multitrad.webs.uvigo.es>, sección "Profesorado" ou directamente en <http://multitrad.webs.uvigo.es/node/3>).

A páxina web do máster actualízase constantemente día día (ver Criterio 2.1) e ofrece información completa e detallada do persoal docente do máster. No apartado "profesorado" facilítase a información máis relevante do profesorado do máster, detallándose en cada un deles unha fotografía súa, o seu nome e apelidos, procedencia, o seu correo electrónico de contacto, se é coordinador do máster ou dalgún dos módulos do máster (ou secretario do máster), a asignatura que imparte, e un breve currículum persoal (<http://multitrad.webs.uvigo.es>, sección "Profesorado").

O profesorado axéitase ás necesidades docentes do máster. Seleccionouse tentando combinar un perfil académico e un perfil profesional cos recursos dispoñibles. Na enquisa de satisfacción do último curso 2014-15 non hai datos con respecto ao profesorado. Fixéronse enquisas sobre os docentes, mais aínda non dispoñemos dos resultados detallados. Porén, nos resultados da avaliación docente da titulación no curso 2014-15 ao respecto da media da titulación para os docentes da UVIGO supera o 80,00% (4,00 puntos sobre 5,00) en todos os indicadores avaliados, o que nos indica un grao de satisfacción moi alto dos estudantes que responderon a enquisa co labor dos docentes do máster. Con todo, o número de enquisados foi moderado, xa que o procedemento para recoller información sobre os profesores mediante enquisas específicas presenciais non se axusta ás características do máster, posto que se trata dun máster semipresencial e non todos os estudantes asisten ás clases, polo que debería darse a opción de cubrir as enquisas de maneira telemática.

No máster imparten docencia 17 profesores, dos cales 7 son profesores PDI da Universidade de Vigo (do Departamento D00h12 de Tradución e Lingüística, da Área A0814 de Tradución e Interpretación); e, os 10 profesores restantes son externos á Universidade de Vigo. Dos 7 profesores da UVIGO, 5 son profesores titulares de

universidade, 1 é profesora contratada doutora e 1 é profesora axudante doutora. Dos 10 profesores externos, 4 pertencen ao ámbito universitario con distinta vinculación e, finalmente, hai 6 profesionais autónomos. Isto permite unha orientación académica clara pero tamén profesionalizante. O profesorado autónomo contribúe ó coñecemento do mercado laboral e das condicións de traballo, materiais e ferramentas de traballo máis demandas no sector. O 66,66% dos créditos impartidos están a cargo de profesorado doutor.

No curso 2014-15 detectáronse algúns problemas relacionados co profesorado externo do máster, basicamente no relacionado coa sinatura de actas e revisión de guías docentes. Parece ser que este non é un problema específico do noso máster, xa que a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado (VOAP), que parece ser asumiu as competencias relacionadas cos posgraos e másters da Comisión de Estudos de Posgrao (despois que o Consello de Goberno da Uvigo decidiu suprimila), convocou o 13/11/15 a todos os coordinadores dos másters da Uvigo a unha reunión onde, no apartado "2. Regularización da figura do externo", a vicerreitora correspondente informou da problemática dos profesores de máster externos que non forman parte dunha figura recoñecida na LOU (segundo parece a figura LOU de profesional externo é a do asociado); por illo deberían ser tratados (os que non son figura LOU) como "invitados" co que iso implica. Nestes momentos parece ser hai problemas coas certificacións da Uvigo cando están relacionadas con este grupo profesional. Segundo a VOAP deberían ser tratados como invitados, e, polo tanto, non poderían asinar actas, ni facer titorías, ni facer/revisar guías docentes (nin, por extensión, acceder a información e webs exclusivas do persoal da Uvigo). De feito, agora mesmo no noso máster a coordinación xa asumiu de feito (de xeito "altruista") moitas das tarefas asignadas ao profesorado externo que non é "figura LOU". Obviamente agora a VOAP propón que "alguén" nos másters se faga responsable de asumir estas tarefas (a coste non cero), pero a coste de diminuír o número de horas de docencia da materia no caso que esta sexa impartida exclusivamente por uno o mais docentes externos (non LOU). Obviamente esta é unha problemática que vai ter que ser resolta no futuro próximo.

No curso 2015-16 houbo dous pequenas modificacións no POD do máster ao respecto do curso anterior 2014-15: 1) o profesor Jorge Díaz-Cintas deixou as 5 horas que impartía na materia de "Subtitulado" que foron asumidas por outra profesora da mesma materia, Marta Iravedra López, que pasou de impartir 10h a impartir 15h; 2) A profesora Marta Iravedra López, profesora asociada da UVIGO, deixou de impartir docencia na devandita Universidade, polo que paso a ser considerada no POD do máster como profesorado externo.

Como xa se indicou no apartado 1.2 en canto a PA05 do alumnado ao respecto do establecemento de posibles convenios con outras universidades e/ou programas de máster, no caso do profesorado esta falta de convenios incidiu tamén desfavorablemente nas posibilidades de mobilidade do mesmo. No curso 2013-14 a porcentaxe de participación do profesorado do máster en programas de mobilidade foi do 5,88% (1 profesor do total de 17 profesores que imparten docencia no máster) mentres que no curso 2014-15 non houbo ningún profesor en programas de mobilidade. Entendemos que esta baixa porcentaxe de mobilidade no máster non permite extrapolar información algunha ao respecto. A explicación ao respecto entendemos é a mesma que no caso do estudantado: as axudas de mobilidade para o profesorado non se axustan ás características deste máster onde para o estudantado non se pide mobilidade entre universidades senón entre universidades e empresas para realizaren as prácticas obrigatorias (cousa que, obviamente, repercute tamén no profesorado da titulación).

O profesorado do noso grao participou en programas de formación de PDI ofertados pola Universidade: de 4 participacións no curso 2013-14 (23,52%) pasou a 1 participación no curso 2014-15 (6,25%).

A nivel de xestión, como xa se indicou no apartado 1.3, de acordo co criterio interno do máster de mudar a coordinación e o secretariado da CAM cada dous cursos académicos (o secretario deixa o seu cargo e o coordinador pasa a ser o secretario da CAM) houbo dende a implantación do máster no curso 2010-11 tres cambios de coordinador de máster: Marta García González (coordinadora do bienio 2010-12), María Teresa Veiga Díaz (coordinadora do bienio 2012-2014), e Joan Miquel-Vergés (coordinador do bienio 2014-16). Todos os cambios na coordinación foron (e son) refrendado pola Xunta de Centro da Facultade de Filoloxía e Tradución.

## **RECURSOS HUMANOS**

As previsións realizadas na memoria de verificación son correctas. Non obstante, a intensificación docente derivada

da aplicación do “Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo”, tamén coñecido como “Decreto Wert”, continúa xerando unha sobrecarga de traballo importante en parte do profesorado, tamén no máster, que debe impartir un gran número de materias no grao, cunha metodoloxía moi esixente en tempo e dedicación. Esta situación podería repercutir negativamente na dedicación deste profesorado ás materias das que é responsable no máster. Pero, como se comentou xa antes, o feito que o máster sea “retributivo”, ser repercusión no POD, “axuda” a sobrelevar esta situación de sobrecarga de traballo.

Ao respecto de outros aspecto que tamén poderían xerar bastante descontento (como se menciona xa noutras seccións deste informe) como sería a falta de recoñecemento das tarefas docentes de supervisión e avaliación nas materias de “Traballo de fin de máster” (TFM) e de “Prácticas en empresa” (PE), por parte da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado (VOAP). A este respecto a CAM habilitou mecanismos para compensar economicamente o esforzo requerido pola coordinación destas dúas materias e a titorización do alumnado dos TFM e das PE. Como se indica no apartado 1.2, nesta titulación sempre se tivo en contas a especial idiosincrasia destas dúas materias; e dende a CAM procurouse retribuír sempre dunha maneira xusta e equitativa o esforzo adicado polos coordinadores das dúas devanditas materias e polos tutores do alumnado.

No caso dos TFM: 1) por unha parte, asignouse unha porcentaxe fixa do total asignado á materia de TFM ao coordinador dos TFM (en función das horas consignadas no POD); 2) e, por outra parte, dividiuse a cantidade restante entre todos os TFM titorizados (de maneira que se asignou a cada titor as cantidades pertinentes en función dos traballos que titorizou).

E, no caso das PE, si ben a CAM decidiu nun principio (ver acta do 14/03/2014) rebaixar a asignación por materia no curso 2014-15 en todas as materias (excepto na anteriormente reseñana de TFM), e seguir pagando ao coordinador das PE por horas de coordinación (a tenor das horas consignadas no POD); mais tarde, despois de valorar a importancia e o inmenso traballo de coordinación que as PE requirían, a CAM decidiu (ver a acta da CAM do 25/02/2015) aumentar a cantidade total asignada as PE para poder complementar dun xeito xusto á retribución do coordinador das PE (mais alá das horas consignadas no POD) ata atinxir o 50% do importe total asignado á materia (repartindo o 50% restante entre o número de tutores asumindo un reparto proporcional entre todos eles).

## **ENQUISAS**

As modificacións no deseño da enquisa elaborada no curso 2014-15 non permiten analizar o grao de satisfacción do profesorado cos/coas estudantes (anterior Indicador 81 “Satisfacción cos estudantes”). Aínda así, cá axuda da ferramenta informática (*módulo* de xestión académica) UNIDATA, puidemos acceder ao grao de satisfacción total (indicadores 76 e 81) da media de todas as materias do máster nos cursos 2010-11, 2011-12, 2012-13 e 2013-14.

ASIGNATURA	TOTAL
• Novas Tecnoloxías e Tradución Multimedia .....	79,57% (5,57/7,00)
• Aspectos Interculturais da Tradución Multimedia .....	76,71% (5,37/7,00)
• Recursos Documentais para a Tradución Multimedia .....	89,86% (6,29/7,00)
• Dobraxa .....	72,00% (5,04/7,00)
• Subtitulado .....	65,86% (4,61/7,00)
• Voice-Over e Tradución de Documentais .....	69,86% (4,89/7,00)
• Localización de Páxinas Web .....	82,14% (5,75/7,00)
• Localización de Programas Informáticos .....	94,00% (6,58/7,00)
• Localización de Videoxogos .....	100,00% (7,00/7,00)
• Traballo Fin de Máster .....	75,14% (5,26/7,00)
• Prácticas en Empresas .....	81,00% (5,67/7,00)
TOTAL .....	79,71% (5,58/7,00)

O valor medio do grao de satisfacción do total das materias do máster nos 4 cursos é do 79,71% (5,58/7,00), e

todos os valores das materias están por encima do 65,00%. De feito hai 2 materias que están por encima do 90,00% ("Localización de Videoxogos" co 100,00%; e "Localización de Programas Informáticos" co 94,00%), 7 materias que están entre o 70,00-90,00% ("Recursos Documentais para a Tradución Multimedia" co 89,86%; "Localización de Páxinas Web" co 82,14%; "Prácticas en Empresas" co 81,00%; "Novas Tecnoloxías e Tradución Multimedia" co 79,57%; "Aspectos Interculturais da Tradución Multimedia" co 76,71%; "Traballo Fin de Máster" co 75,14%; e "Doblaxe" co 72,00%), e, finalmente, 2 materias que están entre o 65,00-70,00% ("Voice-Over e Tradución de Documentais" co 69,86%; e "Subtitulado" co 65,86%).

Nas enquisas de avaliación docente, a valoración global do profesorado ("[12.] En xeral, estou satisfeito coa labor docentede/ste/a profesor/a") incrementa positivamente do 78,6% (3,93/5,00) no curso 2013/14 a 87,20% (4,36/5,00) no curso 2014-15; mantense tamén a tendencia positiva superior á media da Universidade: 74,60% (3,73/5,00).

A enquisa de avaliación docente tamén recolle valoracións positivas nos seguintes ítems sobre o profesorado:

- [4.] O/A profesor/a favorece a participación e motivación do alumnado no desenvolvemento das actividades da materia: 88,00% (4,40/5,00) no curso 2014-15, cun incremento notable en comparación ao curso anterior 2013-14 (77,60%; 3,88/5,00), e notablemente superior á media da Universidade (72,40%; 3,62/5,00).
- [5.] O/A profesor/a resolve con claridade as dúbidas que se lle formulan (en clase, titorías, plataformas de docencia virtual, etc.): 87,60% (4,38/5,00) no curso 2014-15, novamente superior á media do curso anterior 2013-14 (80,60%; 4,03/5,00), e á media da Universidade (75%; 3,75/5,00).
- [10.] O/A profesor/a facilitou a miña aprendizaxe (mellora dos meus coñecementos, competencias, habilidades, descritos na guía docente): 81,40% (4,07/5,00) no curso 2014-15, rexistrando novamente un aumento destacado en relación á media do curso 2013-14 (77,40%; 3,87/5,00), e significativamente máis elevado có valor medio da Universidade (72,6%; 3,63/5,00).

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos/as de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as función e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- De ser o caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título, relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- La institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa su labor de apoio no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Recursos humanos" emitida no "Informe de seguimento 2012-13" foi "conforme" e mesmo mellorou para o curso 2013-14 que foi calificada de "conforme-excelente" polo director da Área de Apoio á Docencia e Calidade no seu informe final de revisión interna do seguimento de titulacións de data 28/07/15 en relación co "Informe de seguimento 2013-14". Destaca como fortaleza neste apartado: "A reflexión é adecuada e demostra un profundo coñecemento do título, xa que non se limita a unha enumeración do persoal docente, senón que os relaciona co índice de satisfacción dos estudantes e expón o problema da presencialidade nas enquisas, suponse que relativo a EAD, xa que as de satisfacción son en liña".

Non se pode valorar pormenorizadamente o grao de satisfacción do alumando ou do profesorado sobre o persoal de

apoio no curso 2014-15 pois a enquisa elaborada neste curso non inclúe ningún ítem específico referente a este criterio (existe so un ítem denominado "satisfacción cos recursos materiais e servizos que, comop o seu nome indica, inclúe de maneira conxunta os recursos mateiais e o servizos de apoio). Maila que o grao de satisfacción do alumnado cos servizos administrativos foi alto en cursos precedentes como foi o curso 2013-14 cun 72,57% (5,08/7,00), dende a coordinación do máster detectouse que o apoio administrativo e a asignación de PAS á titulación era insuficiente; polo que o coordinador do título, membro tamén do PDI, debe investir tamén unha boa parte do seu tempo de traballo realizando tarefas puramente administrativas.

Como proposta de mellora para o curso 2014-15 a coordinación propuxo redefinir (revisar e actualizar) os procesos relacionados coa xestión do persoal (PDI e PAS) integrando a dimensión institucional (tanto no ámbito de xestión como no académico) no SGIC do centro e incorporar como membros da Comisión de Calidade os directores de todos os departamentos con docencia no centro. Con esta última medida, pretendíase obter información sobre os procesos de contratación de profesorado, detectar as necesidades de incorporación e formación do PDI e mellorar os procesos de toma de decisións. Ademais, integrábase a información procedente de todos os departamentos, o que facilitaría a comparación de políticas e necesidades.

Como parece ser que e esta "sensación de apoio administrativo e a asignación de PAS á titulación insuficiente" é común a todos os másters da Uvigo, e todos os coordinadores manifestaron, dunha maneira ou outra, pública ou privadamente, o seu malestar ao respecto; a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado (VOAP), que parece ser asumiu as competencias relacionadas cos posgraos e másters da Comisión de Estudos de Posgrao (despois que o Consello de Goberno da Uvigo decidiu suprimila), convocou o 13/11/15 a todos os coordinadores dos másters da Uvigo a unha reunión onde, no apartado "5. Informe da vicerreitora", a vicerreitora informou que estíbbase a modificar a RPT (Relación de Postos de Traballo) do PAS da Uvigo de maneira que os másters ían sair beneficiados deste feito. Pero, na medida que preguntada ao respecto de si isto ía significar un aumento da plantilla dos PAS a vicerreitora contestou que "en ningún caso", parece difícil que os sindicatos e os Pas acepten fácilmente esta reestruturación e/ou posible aumento de carga de traballo. Polo que seguramente esta carencia no máster seguira existindo.

Un exemplo moi concreto, por exemplo, relaciónase co proceso de preinscripción e/ou matrícula do alumnado no máster reseñado no apartado 1.2. Mestres a entrega da documentación relacionado cos ítems 1 a 5 é automática, a través da plataforma de autopreinscripción / automatrícula en liña da UVIGO; a entrega da documentación relacionada cos ítems 6 a 8 ten que realizla o alumnado enviando a documentación directamente á secretaría de alumnos da Facultade de Filoloxía e Tradución e/ou ao coordinador do máster. Consultouse cá vicerreitora de Organización Académica e Profesorado (VOAP) na reunión cos coordinadores de máster do pasado 15/11/2015 a posibilidade que os PAS asumisen esta tarefa, pero a vicerreitora manifestou que isto fora posible so si é o Centro ou a propia Universidade quen asume a xestión dos másteres. É por illo que que dende a coordinación seguiremos a reclamar un maior apoio do persoal de administración e servizos (PAS). Mesmo nalgún caso, como é a da obriga da entrega dunha carta de solicitude cá mención expresa da motivación da mesma por parte do alumnado, a CAM barrallou a posibilidade de non obrigar ao alumnado a facelo; para axilizar o proceso de preinscripcion e/ou matrícula e non deixar ecluído por falta de documentación a un alumno que non entregou a devandita documentación.

#### CRITERIO 4:

##### Puntos febles detectados:

- (4.1) O apoio administrativo e a asignación de PAS á titulación é insuficiente.
- (4.2) A problemática futura do docente externo do máster (que non é figura LOU) que vai ver

##### Accións de mellora a implantar:

- (4.1) Solicitar a VOAP un maior apoio administrativo e a asignación de PAS. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): universidade.

<p>dismunida as súas posibilidades de certificación; que, por contra, van ter que ser asumidas polo profesorado propio da Uvigo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• (4.2) Solicitar a VOAP que aclare a figura do “externo (non figura LOU)”, as súas responsabilidades, e quen ten que asumir (e como) as tarefas que non poida facer. Tamén como ten que ser contratado/pagado. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): universidade.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou valoración:</b></p> <p>E1: Memoria vixente do título</p> <p>E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndo os plans de mellora</p> <p>E3: Plan de ordenación docente do título</p> <p>E16: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículum breve</p> <p>E17: Plans de formación do profesorado</p> <p>E18: Información sobre o personal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)</p> <p>E19: Plans de formación do persoal de apoio</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (cuestións relacionadas coa satisfacción do persoal académico e a satisfacción do alumnado coa docencia recibida)</p> <p>I7: Distribución do alumnado por grupos</p> <p>I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos</p> <p>I10: Porcentaxe de participación en plans de formación de persoal académico e persoal de apoio</p> <p>I11: Número total e porcentaxe de docentes que participan en programas de mobilidade</p>	

<p><b>DIMENSIÓN 2. RECURSOS</b></p>
<p><b>CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:</b></p> <p><b>Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.</b></p> <p>Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.</p>
<p><b>5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición do estudantado e o profesorado son suficientes e axeitados ás características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que debe acadar o estudantado.</b></p>
<p>Aspectos a valorar:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as axeitadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudos, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...</li> </ul>

- Os recursos materiais, postos a disposición do estudiantado, son os axeitados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir polos mesmos, e coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos/as, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento das mesmas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título, relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición do estudiantado son axeitados para o dirixir e orientar nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudiantado (documentación, informes de calificacións, actas, certificacións académicas, tramitación de solicitudes de convalidacións ou de traslado,..) postos ao seu dispor son axeitados para o dirixir e o orientar nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientanlle no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte do estudiantado, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, de ser o caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso no que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son axeitadas para a adquisición das competencias.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

##### **INSTALACIÓNS E RECURSOS**

A Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT) posúe as instalacións convenientes para un bo desenvolvemento da docencia. Todos os anos o Decanato destina parte do orzamento do Centro a mellorar as instalacións, tanto coa adquisición de novos recursos coma co mantemento dos existentes. Existen procedementos no SGIC que regulan a adquisición e distribución dos recursos materiais (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/425-procedementos-de-apoio>).

Os recursos deben ser sempre mellorados, independentemente da valoración que fagan deles as persoas usuarias. Para o curso 2014-15 elaboráronse accións de melora co fin de (a) continuar a revisar as instalacións informáticas das aulas; e (b) mellorar a información pública sobre os recursos materiais no espazo web do centro.

Os fondos da biblioteca da Facultade de Filoloxía e Tradución considéranse axeitados para as esixencias que leva consigo un máster coma este. Pódense consultar nesta ligazón: <http://sp.bugalicia.org/vig/gl/subjects/databases.php?tipo=todos>. Ademais, a biblioteca da FFT conta cun blog (<http://blogdabiblio.es/>) e con varios taboleiros no Pinterest de Bibliotecas da Universidade (<http://www.pinterest.com/CenUVIGO/boards/>). A páxina web do centro que foi renovada durante o curso 2014-15 mostra unha icona co enlace directo ao catálogo da biblioteca (<http://fft.webs.uvigo.es/>).

Co fin de formar ao alumnado e de promover o uso dos recursos dispoñibles na biblioteca do Centro, o Plan de Acción Titorial (PAT) elaborado para o curso 2015-16 considera unha sesión especial como parte das "Accións de Carácter Formativo" (punto 5.1.4), que é impartida polo Servizo da Biblioteca da FFT.

No que atinxe ás plataformas de teledocencia e recursos didácticos, en todas as materias sen distinción utilízase a



devandita plataforma para a impartición da docencia. A plataforma de teledocencia permitiu un traballo axeitado na parte virtual e os laboratorios informáticos cubriron correctamente as necesidades da parte presencial.

O profesorado fai bo uso dos servizos de televisión da Universidade en determinadas actividades que permiten a súa posterior consulta en liña. O uso do recurso da UVigo-TV foi satisfactorio e mellorou os prazos de publicación de contidos considerablemente. Foi moi positiva a experiencia co uso do servizo de gravación automatizada de clases. Algúns dos últimos exemplos son as grabacións do curso 2014-15 accesibles en <http://tv.campusdomar.es/series/561432941f56a88005b6b2ed> (para acceder aos vídeos privados o nome de usuario é "mtm" e a contrasinal é "mtm2014"); e as grabacións do curso 2015-16 accesibles en <http://tv.campusdomar.es/series/561435411f56a88005b6c32c> (para acceder aos vídeos privados o nome de usuario é "mtm15" e a contrasinal é "mtm2015"). Tamén fíxose uso das instalacións de videoconferencia no Centro ou da plataforma de teledocencia FaiTIC nalgúns casos.

No curso 2012-13 detectáronse algúns conflitos entre usuarios das aulas dotadas de equipos de gravación e videoconferencia, xa que o procedemento de asignación de aulas para os másters non estaba regulado. No curso 2013-14 mellorouse este aspecto anticipando as necesidades e reservando os espazos necesarios ao comezo do curso. Para o curso 2014-15, ademais, a FFT habilitou unha nova aula de grabación e moitos dos docentes das materias do máster optaron por grabar "en sala" contidos relacionados coas súas materias o cal axilizou o uso das aulas de (auto)grabación e mellorou sensiblemente a calidade e a "sofisticación" das presentacións. É o caso, das "píldoras educativas ou didácticas" que, de maneira xeral, están dispoñibles na "Polimedia" (<http://tv.uvigo.es/es/pildoras.html>); e que, no caso particular da materia do máster de "Dobrxaxe para a tradución", por exemplo, están dispoñibles en <http://tv.uvigo.es/es/serial/903.html>. As píldoras educativas ou didácticas son vídeos dunha duración de 5 a 10 minutos nas que se mesturan dúas imáxenes, unha dun locutor e outra tomada dunhas transparencias ou a imaxe da pantalla dun computador. En cada un destes vídeos, o locutor fai unha explicación dun concepto en concreto (ver [http://wiki.media.uvigo.es/download/attachments/327707/manual\\_pildoras\\_polimedia.pdf](http://wiki.media.uvigo.es/download/attachments/327707/manual_pildoras_polimedia.pdf)).

Segundo os datos rexistrados nas enquisas do alumnado, o grao de satisfacción cos recursos de apoio ó ensino ("satisfacción cos recursos materiais e servizos [antes ind. 75 de 'Satisfacción cos recursos de apoio ao ensino']") presentou un pequeno descenso pasando sendo 63,40% no curso 2014-15 (3,17/5,00), en relación a 74,42% (5,21/7,00) no curso 2013-14. Con todo, maila este lixeiro descenso, o valor deste ítem no máster no curso 2014-15 é o segundo maior valor (so superado polos 3,80 puntos do "Máster Universitario en Teatro e Artes Escénicas") das 7 titulacións do Centro (FFT); superior á media do Centro (FFT) que é do 62,00% (75%; 3,10/5,00).

### **ORIENTACIÓN E ATENCIÓN AO ESTUDANTADO**

O Centro dispón de paneis informativos en pantalla de plasma no pavillón central para informar ao alumnado de eventos ou para avisar de prazos de matrícula, bolsas, cambios de horarios, etc. Ademais, está a páxina web do centro cun servizo completo de información sobre o funcionamento das titulacións e os servizos ofertados (Ver Criterio 2.1).

O coordinado do máster actualiza constantemente a información da web do máster (<http://multitrad.webs.uvigo.es>) xa sexa con elementos "estáticos", mais o menos permanentes na web; e outros elementos mais "dinámicos" a modo de noticias, anuncios ou entradas de blog. Tamén o alumnado ten dispoñible información sobre o profesorado, sobre a coordinación, sobre a Comisión Académica do Máster (CAM), os estudos de máster, etc.. O propio Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade no seu informe final de revisión interna do seguimento da titulación de data 28/07/2015 (referido ao curso académico 2013-14) resaltou algunha desta información referida anteriormente como "fortalezas" da información pública mostrada na web da titulación: "Achégase información dos aspectos máis significativos do título na web do mesmo, que ten un formato sinxelo e atractivo e resulta fácil atopar a información, aínda que esa realidade é susceptible de mellora, como se recolle no apartado de recomendacións. A información relativa ao profesorado resulta moi útil, xa que contén un nivel de información adecuado e ademais inclúe unha fotografía que favorece a identificación. A páxina web comprende un apartado denominado "Opinión" que recolle opinións de egresados sobre a súa experiencia no curso. A información sobre o calendario e horario da semana que

se consulta, resulta moi útil. Ademais publícanse noticias e anuncios de forma moi didáctica, directa e amena.”

O alumnado do Centro ten á súa disposición un protocolo de reclamacións tradicional, que consiste no rexistro dunha queixa ou suxestión no decanato. Ademais, no curso 2013-14 habilitouse unha aplicación informática na páxina web da Facultade que permite, despois dunha identificación, rexistrar queixas, suxestións e parabéns (QSP). Este procedemento estivo igualmente habilitado no curso 2014-15, cun enlace directo dende a icona visible na nova páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/>). A información sobre a xestión das QSP está recollida na sección de Calidade/SGIC na páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/436-mc-xestion-da-calidade-e-mellora-continua>). No curso 2014-15 non se rexistraron reclamacións no Decanato referentes ao “Máster en Tradución Multimedia”. A partir do curso 2015-16, as xestións das queixas, suxestións e parabéns farase a través da aplicación QSP.

Grazas aos esforzos dende o equipo directivo do centro e da titulación do máster, as enquisas de satisfacción do alumnado indican unha lixeira subida na valoración da orientación (“satisfacción coa orientación ao estudantado [antes ind. 72]”) ofertada a este sector: 66,60% no curso 2014-15 (3,33/5,00) en comparación co 66,29% (4,64/7,00) no curso 2013/14; con todo, mantémonos por riba do 66% de satisfacción.

### **XORNADAS DE BENVIDA DO CURSO ACADÉMICO**

A coordinación do máster, de acordo coa Comisión Académica, acordou no curso 2013-14 organizar cada mes de marzo unha xornada de presentación do máster, xamada de maneira significativa “minimáster”, dirixida ao alumnado de 4º do grao en Tradución e Interpretación da UVIGO. Organizou unha primeira xornada de presentación do máster no abril do 2013 (<http://multitrad.webs.uvigo.es/content/buena-acogida-de-la-jornada-de-talleres-practicos-de-presentacion-del-mtm>) e unha segunda xornada de presentación do máster no marzo do 2014 (<http://multitrad.webs.uvigo.es/content/2a-jornada-de-talleres-practicos-de-presentacion-del-máster>). As dúas xornadas foron un éxito, cuns 80 asistentes na primeira edición (o acceso foi libre para todo o alumnado da FFT, limitando o aforo a 80 persoas) e 41 asistentes na segunda edición (limitouse a asistencia ao alumnado de 4º curso do grao da FFT). Así, por exemplo, unha boa parte dos alumnos preinscritos para o curso 2014-15 asistiron á xornada de presentación, polo que se considera unha medida satisfactoria.

### **CRITERIO 5:**

#### **Puntos febles detectados:**

- (5.1) Algúns problemas detectados relacionados coa adecuación dos espazos que cede o centro á titulación e sobre a súa dotación, equipamento (medios tecnolóxicos, medios didácticos, etc.).
- (5.2) Algúns problemas detectados relacionados cos procedementos do centro para reserva de espazos comúns, establecendo sistemas que eviten conflitos entre as súas titulacións.
- (5.3) Algúns problemas na grabación das presentacións do curso e das sesións presenciais das materias, polo feito de se der “en directo” e presentar algunhas veces “problemas técnicos” de última hora.

#### **Accións de mellora a implantar:**

- (5.1) Seguir a mellorar a adecuación dos espazos que cede o centro á titulación e a súa dotación, equipamento (medios tecnolóxicos, didácticos,...).. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): centro.
- (5.2) Seguir a mellorar os procedementos do centro para reserva de espazos comúns, establecendo sistemas que eviten conflitos entre as súas titulacións. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): centro.
- (5.3) Fomentar a grabación “en sala” das presentacións das materias e a elaboración de “píldoras educativas ou didácticas”; o cal “desconxestiona” o uso das salas de grabación e proporciona unha maior calidade e “control técnico” nas presentacións. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade /

centro / titulación): titulación.

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E1: Memoria vixente del título

E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndo os plane de mellora

E5: Documentación do SGC sobre os servizos de atención ao estudante: documentación sobre o servizo de orientación académica e profesional (Plan de acción tutorial); documentación que amose a aplicación dos programas de acollida e de apoio; documentación que evidencie a aplicación da normativa de accesibilidade universal e deseño para todos; documentación que evidencie a aplicación das normativas de seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento das mesmas polos axentes implicados

E20: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentales relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios vixentes coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (cuestión relacionadas coa satisfacción de todos os grupos cos recursos materiais e instalacións)

I7: Distribución do alumnado por grupos

**DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.**

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

**6.1.- O estudiantado ao finalizar o proceso formativo adquire as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación y cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados da aprendizaxe previstos.
- Os resultados da aprendizaxe acadados satisfan os obxectivos do programa formativo y adecúanse alao nivel MECES.
- Os resultados da aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A información sobre as competencias que deben ser adquiridas na titulación do "Máster en Traducción Multimedia" está detallada na memoria do máster e nas guías docentes de cada materia. O alumnado ten acceso directo a estes datos dende a web da Universidade (UVIGO) e dende a web da titulación (MTM) a través da memoria da titulación; e indirectamente dende a web do centro (FFT) a través das guías docentes (aplicación DOCNET):

- UVIGO: [http://uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/uvigo\\_gl/DOCUMENTOS/estudos/memorias/Nueva\\_version\\_memoria\\_Master\\_Traduccion\\_Multimedia\\_110510\\_sin\\_colores.pdf](http://uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_gl/DOCUMENTOS/estudos/memorias/Nueva_version_memoria_Master_Traduccion_Multimedia_110510_sin_colores.pdf)
- MTM: [http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u16/memoria\\_master\\_traduccion\\_multimedia\\_110510.pdf](http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u16/memoria_master_traduccion_multimedia_110510.pdf)
- FFT: [https://seix.uvigo.es/docnet-nuevo/guia\\_docent/?centre=301&ensenyament=V01M079V01&consulta=competencies](https://seix.uvigo.es/docnet-nuevo/guia_docent/?centre=301&ensenyament=V01M079V01&consulta=competencies)

Igualmente, a información sobre os resultados académicos anuais das titulacións do centro está dispoñible na páxina web da Facultade, na sección de Calidade/SGIC (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/444-4-resultados-academicos>).

O procedemento PC12 do SGIC está deseñado para a análise e medición de resultados académicos e pode atoparse na sección de Calidade/SGIC da páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/424-pc12analise-e-medicion-de-resultados-academicos>).

### **GUÍAS DOCENTES**

Na Facultade de Filoloxía e Tradución existe un protocolo de revisión das guías docentes das materias impartidas nas titulacións. En primeiro lugar, o coordinador do máster revisa cada unha das guías docentes da titulación e elabora un informe sobre indidencias ou modificacións menores en relación aos parámetros documentados na memoria. En segundo lugar, a Vicedecana de Calidade revisa os informes do coordinador e as guías e elabora o seu propio informe. Seguidamente, as guías son aprobadas pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Centro.

O coordinador do Máster en Tradución Multimedia comproba que todas as competencias xerais e específicas do título son tratadas nas materias do programa formativo. Todas as competencias específicas do máster (non existen competencias transversais na memoria da titulación), están traballadas como mínimo nunha materia e sempre de acordo coas estipulacións da memoria de verificación do título.

O proceso de revisión das guías docentes seguindo este protocolo axudou a detectar algúns (poucos) erros na asignación de competencias a certas materias. Estes erros foron corrixidos debidamente nas guías docentes das materias afectadas e están documentados nun listado elaborado polo coordinador actual da titulación. Paralelamente, a Vicedecana de Calidade detectou na revisión das guías docentes para o curso 2015-16 algunhas materias con competencias que non se axustaban ao especificado na memoria da titulación. Tomouse a decisión de que as guías reflectisen exactamente as mesmas competencias cas que se detallaban na memoria do título.

No curso 2014-15 a Vicerreitoría incorporou cambios no deseño das guías docentes para o curso 2015-16 e na aplicación informática onde se introducen os datos, atendendo ás recomendacións recollidas nos informes de seguimento sobre a importancia de aportar evidencias da avaliación e adquisición de competencias (alén da adquisición e avaliación de coñecementos). Estableceuse unha nova sistemática de xeito que a guía docente da materia inclúe os seguintes epígrafes: 1. Competencias, 2. Resultados de Aprendizaxe, 3. Contidos, 4. Planificación Docente, 5. Metodoloxía, 6. Atención Personalizada, 7. Avaliación, 8. Bibliografía, 9. Recomendacións.

Os cambios máis destacables en relación aos cursos anteriores son:

- (1) Cambios na terminoloxía das competencias (xerais/específicas/básicas/transversais).
- (2) Os resultados de aprendizaxe deben relacionarse explicitamente coas competencias da materia que constan na memoria da titulación.
- (7) Debe indicarse o tipo de proba de avaliación, a porcentaxe que representa da nota final, e as competencias que son avaliadas en cada proba.
- (7) Debe garantirse que todas as materias seguen o sistema de avaliación continua, ao tempo que ofrecen alternativas para o alumnado que non pode asistir ás aulas con regularidade por motivos xustificadas.
- (7) Deben explicarse en detalle as diferenzas entre os tipos de avaliación (continua/única), as diferenzas entre a primeira e a segunda convocatoria de avaliación, e as condicións para re-examinarse da materia no

caso de ser suspendida.

- (7) Para a elaboración das guías do curso 2015-16, a Vicedecana de Calidade propuxo unha serie de recomendacións (xerais para graos e másteres), que o coordinador da titulación transmitiu aos docentes e que comprobou durante o proceso de revisión: debe indicarse a data aproximada das probas de avaliación; as materias de lingua instrumental deben indicar o nivel de competencias adquirido; deixa de recomendarse a obrigatoriedade de asistir ao 80% das clases para poder acollerse ao sistema de avaliación continua; é recomendable incorporar un aviso sobre as implicacións de cometer plaxio; é recomendable promover o uso dos recursos do Servizo de Biblioteca e de teledocencia.

O coordinador do Máster en Traducción Multimedia (MTM) mostrou a súa satisfacción co resultado do proceso de elaboración das guías docentes no que atinxe ao contido das guías e ao cumprimento do protocolo para a súa elaboración. Porén, deixou constancia da dificultade do proceso debido aos cambios na aplicación informática e o descontento que xerou entre o profesorado a devandita aplicación. Entre as incidencias máis destacadas inclúense: as modificacións no sistema foron incorporadas con pouco tempo de preparación para o coordinador e o profesorado; os cambios na terminoloxía das competencias foron pouco transparentes e crearon moita confusión; os datos volcados na aplicación non sempre foron volcados na sección que lles correspondía; a boa intención de crear un cronograma con datas de proba de avaliación non foi ben recibida polo profesorado, pois ofrece pouca flexibilidade para desenvolver actividades adaptándose ao progreso do alumnado. O malestar xeral a nivel do Centro quedou documentado na acta da Comisión de Calidade celebrada en xuño de 2015.

### **RESULTADOS ACADÉMICOS POR MATERIA**

A continuación expoñemos a análise dos resultados académicos por materia (un total de 11 materias na titulación), atendendo á taxa de rendemento. A análise aquí presentada está baseada nos resultados do estudantado matriculado no curso 2014-15 en comparación aos cursos anteriores 2013-14, 2012-13 e 2011-2012. A destacar que no informe ITO1-PM01 "Informe de Resultados Anuais do Centro: Facultade de Filoloxía e Tradución" do curso 2010-11 non existen datos de taxas de rendemento por materia relacionados coa titulación.

Consideramos que toda persoa que non se presente ás probas de avaliación dunha materia ou que suspenda non acadou ou adquiriu as competencias e obxectivos propostos para superar a materia.

As tendencias observadas para os cursos 2014-15, 2013-14, 2012-13 e 2011-12 son:

- Nº de materias con taxa de rendemento 100%: 1, 4, 8, 2.
- Nº de materias con taxa de rendemento 90%-99%: 1, 5, 3, 7.
- Nº de materias con taxa de rendemento 80%-89%: 7, 0, 0, 0.
- Nº de materias con taxa de rendemento 70%-79%: 1, 0, 0, 1.
- Nº de materias con taxa de rendemento 60%-69%: 1, 2, 0, 0.
- Nº de materias con taxa de rendemento 50%-69%: 0, 0, 0, 0.
- Nº de materias con taxa de rendemento inferior a 50%: 0, 0, 0, 1.

As materias cunha media menor de taxa de rendemento son o "Traballo de Fin de Máster" e as "Prácticas en empresas"; aínda que as "Prácticas en empresas" experimentou un espectacular crecemento no último curso 2014-15 pasando a ser do 96,55% cando co curso anterior 2013-14 foi do 65,71%. O "Traballo de Fin de Máster", sen embargo, segue manténdose en porcentaxes semellantes ao do curso 2013-14 que foi do 63,04%, sendo o curso 2014-15 do 65,71".

A análise comparativa histórica dos cursos 2014-15, 2013-14, 2012-13 e 2011-12 (\*) permite varias observacións:

- Novas Tecnoloxías e Tradución Multimedia: 100% (2014-15), 100% (2013-14), 100% (2012-13), 96,66% (2011-12).
- Aspectos Interculturais da Tradución Multimedia: 82,14% (2014-15), 96,67% (2013-14), 96,00% (2012-

13), 93,54% (2011-12).

- Recursos Documentais para a Tradución Multimedia: 88,46% (2014-15), 96,67% (2013-14), 95,45% (2012-13), 93,93% (2011-12).
- Dobraxe: 87,50% (2014-15), 96,30% (2013-14), 94,44% (2012-13), 93,10% (2011-12).
- Subtitulado: 88,00% (2014-15), 83,00% (2013-14), 100% (2012-13), 96,42% (2011-12).
- Voice-Over e Tradución de Documentais: 81,25% (2014-15), 100% (2013-14), 100% (2012-13), 100% (2011-12).
- Localización de Páxinas Web: 92,31% (2014-15), 96,88% (2013-14), 100% (2012-13), 96,00% (2011-12).
- Localización de Programas Informáticos: 72,22% (2014-15), 100% (2013-14), 100% (2012-13), 95,00% (2011-12).
- Localización de Videoxogos: 88,46% (2014-15), 100% (2013-14), 100% (2012-13), 100% (2011-12).
- Traballo Fin de Máster: 65,71% (2014-15), 63,04% (2013-14), 100% (2012-13), 72,97% (2011-12).
- Prácticas en Empresas: 85,66% (2014-15), 65,71% (2013-14), 100% (2012-13), 28,12% (2011-12).

(\*) No informe ITO1-PM01 "Informe de Resultados Anuais do Centro: Facultade de Filoloxía e Tradución" do curso 2010-11 non existen datos de taxas de rendemento por materia relacionados coa titulación.

Todas as materias, a excepción do "Traballo de Fin de Máster" e das "Prácticas en Empresas" estiveron todos os cursos académicos ata o curso 2013-14 por encima do 93%; pero, no curso 2014-15, estas mesmas materias baixaron na maioría as súas porcentaxes situándose nalgúns casos por debaixo do 70,00%. É o caso, por exemplo, da materia de "Localización de Programas Informáticos" que situouse nun 72,22%. Sen embargo, é curioso observar, que no curso 2014-15 esta materia non tivo ningún suspenso; e, por el contrario, si tivo 5 non presentados.

Non disponñemos de datos oficiais que explique este aumento do número de non presentados nas materias (tampouco temos o dato da taxa de abando na titulación do curso 2014-15). É difícil de interpretar que 7 materias que tiveron una taxa de rendemento por encima do 93% no curso 2013-14 baixaron por debaixo do 80% no curso 2014-15. E que no curso 2014-15 o número de materias suspensas fose de 12 fronte aos 28 non presentados. É por illo que, maila a taxa de rendemento so foi do 100% no caso da materia de "Novas Tecnoloxías e Tradución Multimedia"; a taxa de éxito no curso 2014-15 foi do 100% en 7 das 11 materias (todas excepto as 4 materias de "Aspectos Interculturais da Tradución Multimedia" que foi dun 85,19%, "Recursos Documentais para a Tradución Multimedia" que foi do 88,46%, "Subtitulado" que foi do 91,67%, e "Voice-Over e Tradución de Documentais" que foi do 81,25%). Temos que estar atentos no futuro a comportamento do alumnado nas materias ao respecto do número de non presentados. Podemos pensar que no curso 2014-15 foi una ¿casualidade? Pero, de repetirse estes datos no curso 2015-16 deberemos pensar que non foi unha simple "cuestión coxuntural do momento" e que tal vez si hai realmente factores a considerar que inciden nesta baixada de rendemento debido ao feito que unha parte do alumnado non se presenta á avaliación das materias.

O curso 2011-12, as "Prácticas en Empresas" acadaron a menor taxa de rendemento de todos os cursos académicos cun paupérrimo 28,12%.

Con todo, da análise dos datos obtidos nas materias de "Traballo de Fin de Máster" e das "Prácticas en empresas" parece obvio deducir que estas dúas materias son as de mais difícil xestión e coordinación desta titulación. E que una "relaxación" na coordinación ou xestión das mesmas incide espectacularmente na súa taxa de rendemento. E por illo que a coordinación e a CAM desta titulación "miman" e "recompensan" a coordinacion e xestión destas materias (en especial a de "Prácticas en empresas"). Porque, por unha parte: 1) a materia de "Traballo de Fin de Máster" esixe moito traballo e dedicación por parte do estudantado, titores e coordinación da materia; e, por outra parte, 2) porque a materia de "Prácticas en empresas" é o "buque insignia, a marca distintiva" desta titulación (non todos os mestrados do centro proporcionan prácticas en empresa"). Pero, por outra parte, as dúas materias son tamen as materias mais "sensibles" a experimentar expectaculares variacións nas súas taxas de rendemento (aos datos da análise histórica me remito) polo feito que o estudantado non se presente á avaliación das mesmas .

#### **MATERIA DE "TRABALLO DE FIN DE MÁSTER" (TFM)**

A descrición da materia Traballo de Fin de Máster (TFM) indica que “A materia de Traballo de fin de máster concíbese como un espazo didáctico de traballo tutelado en que o estudiantado reflexione de maneira crítica sobre os coñecementos adquiridos ao longo do curso e apliquen as competencias desenvolvidas.”

O principal obxectivo do traballo de fin de máster é que os alumnos apliquen os coñecementos e competencias adquiridos ao longo da súa formación no ámbito da tradución multimedia, co fin de completar a súa formación académica de acordo cos seus intereses persoais. A materia de traballo de fin de máster ten unha vinculación directa con todas as que compoñen o máster e busca a aplicación das competencias adquiridas ao longo do máster a un traballo complexo.

A evolución histórica mostra os seguintes datos en relación coa matrícula: 37 estudantes no curso 2011-12; 13 estudantes no curso 2012-13; 46 estudantes no curso 2013-14; e 35 estudantes no curso 2014-15. En total, 227 matriculas. Tendo en conta que o número de matriculados no curso 2012-13 foi de 37 estudantes e o número de matriculados de novo ingreso 28, o valor de 13 estudantes matriculados no devandito curso da idea do “gran problema” surxido na titulación coa devandita materia (que analizamos de abondo neste informe) derivado, maioritariamente, da falta de tempo para poder elaborar, presentar e defender esta materia. Máxime si temos en conta que, nestes cursos académicos, a diferenza do que acontece xa en moitos dos graos, non se aplicaba a máxima de que o TFM é a última materia que pecha os estudos do Máster e que, polo tanto, para poder presentarse a ela hai que ter aprobadas todas as demais materias do máster. Na última reunión coa vicerreitora de Organización Académica e Profesorado –VOAP- e os coordinadores de máster do 15/11/2015, informámonos que ía aplicarse xa esta máxima no curso 2015-16 nos másteres. É de supoñer que isto poida repercutir nun menor número de estudantes matriculados nesta materia.

Pódese consultar a listaxe de todos os traballos de fin de máster presentados desde o seu inicio no curso 2010-11 ata a actualidade no espazo web do máster [http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/listado\\_tfm\\_2010-2015\\_v01m079.pdf](http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/listado_tfm_2010-2015_v01m079.pdf); en orde cronolóxica desde o último curso académico ao primeiro, detallando os "apelidos e nomes" da persoa que fixo o traballo, o "título do traballo", e o/a "director/a do traballo".

No que atinxe aos resultados de aprendizaxe na materia TFM observamos as seguintes tendencias entre o curso obxecto de análise 2014-15 e o curso anterior 2013-14:

- A taxa de rendemento do curso 2014-15 foi do 65,71%, lixeramente superior á taxa de rendemento do curso 2013-14 que foi do 63,04%. Si temos en conta que o número de matriculados no curso 2014-15 foi de 35 e no curso 2013-14 de 46, que o número de aprobados no curso 2014-15 foi de 23 e no curso 2013-14 de 29, e o número de suspensos no curso 2014-15 foi de 0 e no curso 2013-14 de 0; ello indica que o número de non presentados no curso 2014-15 foi de 12 e no curso 2013-14 de 17.
- Observamos que a porcentaxe de non presentados ao respecto do total de matriculados foi do 34,29% no curso 2014-15 e do 36,96% no curso 2013-14. Illo parece indicar unha certa “estabilidade” no número de non presentados nesta materia, pero tamén indica que “o problema” existente na titulación pola non presentación dos TFM sigue a persistir. Como se comentou tamén neste informe, ata agora non se esixía ao estudiantado da titulación ter aprobadas todas as demais materias para poder presentarse ó TFM, pero na última reunión dos coordinadores de másteres coa VOAP, esta informounos que a partir deste ano ou o seguinte aplicaríase xa estrictamente esta normativa. Isto tal vez pode facer que o número de non presentados nesta materia se incremente. Hai que telo en conta cara ao futuro e estar moi atentos ao desenvolvemento desta materia.
- Un breve resumo estadístico dos TFM presentados é o seguinte: no curso 2014-15 presentáronse 20 TFM (5 SB, 8 NT, 7 AP) e no curso 2013-14 presentáronse 29 TFM (10 SB, 13 NT, 6 AP).

Como se mencionou noutras seccións deste informe, a materia TFM precisa de reflexión en moitos aspectos, pois continúa xerando algún descontento entre o profesorado e o alumnado. Non entanto derivado da súa xestión no marco da normativa vixente na Universidade, como é o caso do TFG nos graos; senon polo calendario académico tan axustado que obriga ao alumnado a elaborar e presentar o seu TFM nun lapso de tempo manifestamente insuficiente.

## **ENQUISAS**

Os índices de satisfacción no sector de estudantado e profesorado están recollidos en varias enquisas realizadas durante o curso 2014-15: a enquisa de satisfacción do profesorado, a enquisa de satisfacción do alumnado, e a enquisa de avaliación docente por parte do estudantado. En xeral, as enquisas elaboradas durante o curso 2014-15 recollen graos de satisfacción coa titulación moi positivos tanto no sector do profesorado como no alumnado.

Nos Criterios 1 a 6 analizados neste informe xa se comentaron algúns indicadores de satisfacción en relación ao plan de estudos (Criterio 1.2), á coordinación entre profesorado (Criterio 1.3), á información pública (Criterio 2.1), ao sistema de calidade (Criterio 3.3), aos recursos humanos PDI (Criterio 4.1), aos recursos de apoio ao ensino e á orientación/atención para o estudantado (Criterio 5.1), e en relación aos resultados de aprendizaxe e ao proceso de avaliación (Criterio 6.1).

Ademais destes indicadores específicos, as enquisas recollen unha valoración global sobre a titulación durante o curso 2014-15:

- O grao de satisfacción xeral do profesorado que participa na titulación é moi positivo, cunha porcentaxe de 92,60% (4,63/5,00) no curso 2014-15; e representa unha subida considerable en relación ao curso anterior 2013-14 que foi do 81,86% (5,73/7,00).
- O grao de satisfacción xeral do estudantado foi do 66,20% (3,31/5,00) no curso 2014-15. Presenta un lixeiro descenso, moi pouco representativo, ao respecto do 66,43% (4,65/7,00) rexistrado no curso 2013-14.
- A enquisa da avaliación docente da titulación recolle dous ítems fundamentais nos que se rexistra un incremento da satisfacción. Por unha banda, a valoración global do docente aumenta dun 78,6% (3,93/5,00) no curso 2013-14 a un 85,40% (4,36/5,00) no curso 2014-15, dato superior á media da Universidade que é do 74,60% (3,73/5,00). Por outra banda, a valoración global da titulación incrementa do 75,4% (3,77/5) no curso 2013-14 ao 79,00% (3,90/5) no curso 2014-15; unha porcentaxe marcadamente superior á media da Universidade do 74,6% (3,73/5). En ambos os dous ítems os datos mostran unha mellora destacable con subidas de ata 13 décimas.

No tocante á adecuación e ó cumprimento do sistema de avaliación, os ítems que na avaliación docente da titulación por parte do estudantado recollen mellor os aspectos relacionados coa avaliación: 1) “[11.1] Os criterios e sistemas de avaliación empregados polo/a profesor/a axústanse ao recollido na guía docente (o programa)”; “[11.2] A/O profesor aplica dun modo axeitado aos criterios de avaliación recollidos na guía docente (programa)”; “[11.3] O nivel de esixencia (cualificaciones, ...) axústase á aprendizaxe obtida”; non están contemplados no caso das enquisas da avaliación docente deste máster. Por iso non podemos facer valoración algunha ao respecto. So o ítem “[12] En xeral, estou satisfeito coa labor docente deste/a profesor/a” podería dar unha certa idea da valoración do sistema de avaliación si o consideramos dentro do conxunto da labor [como] docente do profesorado. Neste caso, a valoración global do docente aumentou dun 78,6% (3,93/5,00) no curso 2013-14 a un 85,40% (4,36/5,00) no curso 2014-15, dato superior á media das titulación do centro que é do 81,00% (4,05/5,00), e moi superior á media da Universidade que é do 74,60% (3,73/5,00).

## **CRITERIO 6:**

### **Puntos febles detectados:**

- (6.1) Os problemas estruturais detectados nos “Traballos de Fin de Máster”, poden incidir negativamente na taxa de graduación e distorsionar a perspectiva de que o alumnado adquiriu as competencias previstas para o

### **Accións de mellora a implantar:**

- (6.1) Insistir na vía de mellorar os procesos necesarios para mellorar as taxas de presentados, e por tanto de superación, nos “Traballos de Fin de Máster”; xa que pode ter consecuencias directas na taxa de graduación. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción



<p>título.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• (6.2) Os problemas estruturais detectados nas "Prácticas Externas", poden incidir negativamente na taxa de graduación e distorsionar a perspectiva de que o alumnado adquiriu as competencias previstas para o título.</li> </ul>	<p>(universidade / centro / titulación): titulación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• (6.2) Insistir na vía de mellorar os procesos necesarios para mellorar as taxas de presentados, e por tanto de superación, nas "Prácticas Externas"; xa que pode ter consecuencias directas na taxa de graduación. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): titulación.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se se baseou la valoración:</b></p> <p>E1: Memoria vixente do título</p> <p>E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndo os plans de mellora</p> <p>E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)</p> <p>E12: Informes públicos sobre resultados do título (cómo estes téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos)</p> <p>E14: Plans e seguimento das acción de mellora</p> <p>E24: Documentación para a revisión transversal das materias seleccionadas (material docente, exames ou outras probas de avaliación realizadas,...)</p> <p>E25: Listaxe de Traballos fin de grao/máster (na visita revisaranse os seleccionados)</p> <p>E26: Informes de prácticas</p> <p>E27: Mecanismos utilizados para a análise dos resultados de aprendizaxe</p> <p>E28: Informe das cualificacións das materias</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (PDI, estudantes, PAS, egresados/as e empregadores)</p>	

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfan as demandas sociais do seu entorno.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A información sobre as taxas e indicadores principais da titulación está dispoñible na páxina web do centro (FFT), na sección de Calidade/SGIC (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/444-4-resultados-academicos>).

Consideramos que os indicadores de demanda no Máster en Traducción Multimedia seguen a xerar interese entre o estudantado, maioritariamente procedente da comunidade galega.

A evolución histórica do número de estudantes de novo ingreso por curso académico foi moi próxima ás 30 prazas de novo ingreso ofertadas nos cinco cursos académicos 2010-2015, acadándose o curso 2013-14 o máximo de 30 alumnos (no curso académico 2010-11 o número de alumnos foi de 29, de 29 no curso 2011-12, de 28 no curso 2012-13, de 30 no curso 2013-14, e de 27 no curso 2014-15).

A evolución histórica da matrícula de novo ingreso mostra unha certa estabilización no número de estudantes de novo ingreso por curso académico, dende o curso 2010-11 ata a actualidade: 29 no curso 2010-11, 29 no curso 2011-12, 28 no curso 2012-13, 30 no curso 2013-14, 27 no curso 2014-15 e 22 no curso 2015-16. Si descartamos o caso do curso 2015-16 no que houbo unha notable diminución de estudantes de novo ingreso (caso que analizaremos a continuación), con isto podemos concluír que as estratexias de promoción do máster e captación de alumnado están a ser desenvolvidas correctamente. Non entanto, no curso 2015-16, maila a porcentaxe de número de prazas ofertadas (en réxime de matrícula ordinaria) e número de preinscritos en primeira opción aumentou e foi do 118,52% (27/292); paradóxicamente, o número de alumnos de novo ingreso (que nos cursos 2013-14 e 2014-15 foi de 30 e 27, respectivamente) diminuí considerablemente ata acadar o número de 22. Os motivos desta diminución son, ao noso entender, diversos; e deberían ser estudados convenientemente para poder acadar unha mellora significativa no número de alumnos de novo ingreso. Así, por exemplo, seguramente un dos principais factores que incidiron nesta variación foi o feito que a CAM decidiu no curso 2015-16 non solicitar o tercer prazo e último de preinscripción e matrícula, que ten que facerse por solicitude expresa da CAM (cosa que si se fixo nos dous cursos anteriores). O motivo que esgrimió a CAM ao respecto foi porque considerou que o mínimo de 20 prazas esixidas poder impartir o máster estaban xa acadado e mesmo superado lixeramente; e o ingreso do alumnado do tercer prazo (que se matricula normalmente na metade do mes de outubro, cando o máster normalmente inicia a súa docencia na última semana do mes de setembro) "distorsiona" enormemente a docencia das materias do primeiro cuatrimestra polo feito que o novo alumnado se incorporan á docencia con dous ou tres semanas mínimo de retraso.

No tocante á relación entre oferta e demanda, nos tres cursos dos que dispoñemos de datos (curso 2013-14, curso

2014-15 e curso 2015-16) observamos que, cunha oferta de número de prazas de 27 (en réxime de matrícula ordinaria, as 3 restantes ata completar as 30 prazas dispoñibles no máster son para formación continua), nos cursos 2013-14 e 2014-15 houbo o mesmo número de preinscritos en 1ª opción (32), mentres que no curso 2015-15 o número de preinscritos en 1ª opción foi de 29. En calquera caso, nos tres cursos académicos dos que temos datos a demanda foi sempre maior que a oferta. É outro indicador positivo do interese do máster e da consolidación do mesmo.

A nota media de acceso do alumnado de novo ingreso rexistra un aumento progresivo e significativo dende o curso de implantación do máster no 2010-11 ata o curso vixente 2015-16: 3,26 no curso 2010-11; 5,96 no curso 2011-12; 6,836 no curso 2012-13; 7,34 no curso 2013-14; e 7,50 no curso 2014-15.

No momento de redactar este informe, o cadro histórico de matriculación na titulación rexistra 230 estudantes dende a implantación da titulación no curso 2010-11 ata o curso 2015-16. O número de estudantes matriculados mantense practicamente estable e as pequenas diferenzas existentes débense ao pequeno fluxo de estudantes que non consiguen aprobar o máster no primeiro ano, o cal fai que o número de estudantes matriculados de cursos posteriores aumente en relación co número de matrículas de novo ingreso de cada curso académico. O número de estudantes matriculados e de: 33 estudantes no curso 2010-11, 40 estudantes no curso 2011-12, 37 estudantes no curso 2012-13, 47 estudantes no curso 2013-14, e 42 estudantes no curso 2014-15. E, precisamente, se comparamos estes datos co número de matrículas de novo ingreso detalladas anteriormente, temos que o número de estudantes "a maiores" de cada curso é de: 4 (no curso 2010-11), 11 (no curso 2011-12), 9 (no curso 2012-13), 17 (no curso 2013-14), 14 (no curso 2014-15), 9 (no curso 2015-16). Tendo en conta a taxa de abandono que mantense practicamente estable en cada curso académico do que temos os datos, cunha porcentaxe media do 11,76%, podemos comprobar que no curso 2013-14 houbo un forte incremento de estudantes matriculados, con 17 estudantes "a maiores" (por empregar una terminoloxía comorensible) que coincide cos problemas detectados pola falta de tempo do estudiantado para a realización dos TFM e das PE. Os datos dos dos cursos posteriores mostran que o número de estudantes "a maiores" diminuíu progresivamente ata voltar a números de cursos anteriores. Isto demostra, creemos, que conseguíuse solucionar o problema, polo menos de maneira, parcial (anida que o feito que a taxa de eficiencia non sexa do 100% illo quere decir que aínda podería mellorarse neste aspecto).

O procedemento PC12 do SGIC está deseñado para a análise dos indicadores e taxas de resultados. Os indicadores previstos son eficiencia, rendemento, abandono, e graduación, coma no curso anterior, aos que se incorporou en 2014-15 a taxa de avaliación.

A taxa de graduación deste máster no curso 2014-15 mellorou significativamente con respecto ao curso pasado 2013-14 grazas ás medidas tomadas para facilitar que os estudantes cursen a materia de prácticas en prazo (pasou dun 53,57% a un 83,33%); non se mostran datos dos anos anteriores.

A taxa de éxito no curso 2014-15 foi do 95,22%. Paradóxicamente é o valor mais baixo dende a implantación do máster no curso 2010-11 pero creo non debería preocuparnos xa que as porcentaxes dos cursos anteriores eran altísimas: 97,51% no curso 2010-11, 100% no curso 2011-12; 98,67% no curso 2012-13, e 99,33% no curso 2013-14; cunha media do 98,24%. Tendo en conta que as porcentaxes estiveron sempre por encima do 95,00%, consideramos que este dato é moi positivo, xa que demostra que a meirande parte do estudiantado adquire as competencias previstas.

A taxa de rendemento no curso 2014-15 foi do 85,66%, liñeramente inferior a do curso anterior 2013-14 que foi do 90,83% (o máximo dos 5 cursos académicos avaliados), e en consonancia cos demais cursos que foi de 84,84% o curso 2010-11, de 89,78% o curso 2011-12 e de 79,00% o curso 2013-14. Consideramos que é tamén un valor moi positivo, tendo en conta que o curso 2013-14 foi o curso "da recuperación" da crise dos cursos anteriores motivada polos problemas surxidos na elaboración dos TFM e das PE. Con todo, cómpre seguir reflexionando sobre as causas de non acadar un rendemento máis elevado, xa que demostra unha dificultade en superar os créditos establecidos para as materias. Entendemos pola nosa experiencia que os problemas existentes cos TFM e as PE, aínda que se solucionaron, en parte, seguen causando certos "problemas" na titulación.

A taxa de eficiencia no curso 2014-15, cun 96,90%, é o segundo maior valor de todos os cursos académicos ata

agora, a excepción do curso 2010-11 que acadou un insuperable (que si igualable) 100%. Este valor é próximo ó valor acadado no curso 2011-12 (cun 96,89%), lixeramente superior ao valor do curso 2013-14 (cun 95,07%), e manifestamente superior ao valor acadado no “problemático” curso 2012-2013 (cun 92,86%, o valor mais baixo de todos); está moi próximo á media dos cinco cursos académicos que é de 96,31%. Entendemos, pois, que estamos nunha fase de estabilidade e que o valor da taxa é plenamente satisfactorio.

O indicador sobre a taxa de avaliación documentada para o curso 2014-15 mostra igualmente unha alta porcentaxe preto do 90% (89,96%), o cal indica que un elevado número de estudantes é avaliado das materias nas que se matricula. Nos datos históricos da taxa de avaliación observamos que este valor do 90% é o valor sobre o que fructuan (para arriba e para abaixo) os valores do curso 2010-11 (87,00%), do curso 2011-12 (89,78%) e do curso 2013-14 (91,44%). Outra vez, so no curso 2012-13 (80,07%) esta porcentaxe mais ou menos estable descendeu drásticamente. As razóns de illo xa as comentamos abastamente nas análises doutras taxas. É, como en outros casos ananteriores, todos os datos dan a entender que esta pequena crise do curso 2012-13 está xa superada e que estamos xa nunha fase de certa estabilidade e que o valor da taxa é plenamente satisfactorio.

Ao respecto da taxa de abandono, non temos datos do último curso 2014-15. O histórico de datos mostra, sen embargo, que nos últimos dous cursos dos que temos datos a taxa de abandono estabilizouse no entorno do 10% (10,00% no curso 2013-14 e 10,71% no curso 2012-13), despois dun primeiro curso 2011-12 onde a taxa de abandono acadou o seu valor histórico mais alto de 15,00%. Aínda que sen dúbida cómpre reflexionar sobre as causas que derivan no abandono dos estudos, debemos mencionar que non hai datos (oficiais) específicos que nos permitan analizar a situación en detalle: por exemplo, o alumnado que abandona non xustifica por que; xa que logo, non sabemos se a razón xace no descontento coa titulación, en asuntos familiares ou en asuntos económicos. Os datos ao noso alcance non nos permiten facer unha análise axeitada deste indicador. Con todo, como sexa que na maioría dos casos o estudante que abandona os estudos acostuma a contactar previamente (de maneira extraoficial) co coordinador do máster (por esta “familiaridade” que se establece normalmente entre estudantado-coordinador; por ser o número de estudantes relativamente pequeno e porque, de facto, o coordinador do máster actúa tamén como coordinador PAT), a imposibilidade de compaxinar os estudos coa vida laboral acostuma a ser a razón maioritaria pola que o estudantado abandona os estudos.

En calquera caso, para concluír está análise, diremos que a media dos catro anos (o dato do curso 2014-15 non está dispoñible) da taxa de abandono é do 11,76%; e, que as medias dos cinco anos da taxa de éxito (98,24%) e da taxa de eficiencia (96,31%) superan o 96%. Creemos que, en definitiva, todo illo é un moi bo indicador do interese do máster.

## **7.2.- Os índices de satisfacción do estudantado, do profesorado, das persoas egresadas y de outros grupos de interés son axeitados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e a revisión do plan de estudos.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os índices de satisfacción no sector de estudantado e profesorado están recollidos en varias enquisas realizadas durante o curso 2014-15: a enquisa de satisfacción do profesorado, a enquisa de satisfacción do alumnado, e a enquisa de avaliación docente por parte do estudantado.

Nos Criterios 1 a 6 analizados neste informe xa se comentaron algúns indicadores de satisfacción en relación ao plan de estudos (Criterio 1.2), á coordinación entre profesorado (Criterio 1.3), á información pública (Criterio 2.1), ao sistema de calidade (Criterio 3.3), aos recursos humanos PDI (Criterio 4.1), aos recursos de apoio ao ensino e á orientación/atención para o estudantado (Criterio 5.1), e en relación aos resultados de aprendizaxe e ao proceso de

avaliación (Criterio 6.1).

Ademais destes indicadores específicos, as enquisas recollen unha valoración global sobre a titulación durante o curso 2014-15:

- O grao de satisfacción xeral do profesorado 6(d6.91(e) .4( )EMC E)Tj/Span <</MCID 38 >>BDC EDC s-2(c)-1.9(a1.9(ti6-

Vicedecana de Calidade (Ver Criterio 3.2), a publicación dos datos de inserción laboral corresponde á ACSUG, que publica todos os anos un informe. Porén, non se poden analizar os datos dos egresados das titulacións actuais do centro, xa que o último informe publicado refírese aos licenciados no ano 2010. Como xa se indicara no informe do curso 2013/14, a Universidade está a traballar institucionalmente para facilitar a recollida de datos sobre este punto ([http://uvigo.es/uvigo\\_gl/transparencia/resultados/index.html](http://uvigo.es/uvigo_gl/transparencia/resultados/index.html)).

#### CRITERIO 7:

##### Puntos febles detectados:

- (7.1) Non hai aínda datos concluíntes sobre a inserción laboral.
- (7.2) Durante a realización das enquisas de avaliación docente rexistráronse incidencias relacionadas con problemas de xestión de espazos e datos propios da empresa que realizou as enquisas

##### Accións de mellora a implantar:

- (7.1) Instar á ACSUG para que actualice os informes de inserción laboral; e, á Área de Calidade da Uvigo, para que prepare e faga a enquisa sobre a inserción laboral que sirva para avaliar os datos dos últimos anos. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): uvigo.
- (7.2) A planificación das enquisas de avaliación docente por parte da empresa externa contratada pola UVigo non resultou axeitada, polo que sería conveniente que a Universidade reflexionase sobre a idoneidade de vehicular a realización de enquisas a través dun servizo privado. Por outra banda, nas titulacións con réxime semipresencial non parece axeitado o sistema actual de realización de enquisas, exclusivamente presencial. Ámbito principal da responsabilidade de execución da acción (universidade / centro / titulación): uvigo.

##### Evidencias nas que se baseou a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndo os plans de mellora

E12: Informes públicos sobre resultados do título (cómo éstos se teñen en conta para a revisión e mellora do plan de estudos)

E14: Plans e seguimento das accións de mellora (en concreto, accións de mellora realizadas a partir dos resultados obtidos en todos os indicadores)

E29: Estudos de inserción laboral ou datos de empregabilidade das egresadas e egresados do título

##### Indicadores nos que se baseou a valoración:

I1: Evolución do número de estudantes matriculados por curso académico

I2: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I3: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I12: Evolución dos indicadores de resultados (estes datos facilitaranse de xeito global para o título e para cada unha das materias que compoñen o plan de estudos/título):

- Taxa de graduación

- Taxa de abandono
- Taxa de eficiencia
- Taxa de rendimento
- Taxa de éxito
- Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Evolución dos resultados das enquisas de satisfacción

I14: Evolución dos resultados de inserción laboral

I15: Indicadores incluídos no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)